TERRACHÁXA

NOVEMBRO - 2026 Nº 275 WWW.TERRACHAXA.COM EXEMPLAR GRATUÍTO

vilalba
O Goberno local destina máis de medio millón de euros a novas infraestruturas. **Páx. 3**

muras
Todo preparado na localidade para celebrar a Feira do Mel de Montaña o 21. **Páx. 16**

guitiriz
Deputación e Concello firmarán un convenio para rematar a residencia de maiores. **Páx. 20**

outeiro de rei
O BNG abandonou o Pleno porque o alcalde impediu que se debatera unha moción. **Páx. 22**

xermade
Cabreiros recibe un Premio da Crítica na categoría de Iniciativas Culturais. **Páx. 24**

Fernández Paz opta ás Letras Galegas 2028



Castro de Rei mellora servizos de auga e luz

Logra o apoio da Xunta para modernizar a potabilizadora e renova puntos de luz. **Páx. 12**

Como afectan as Eleccións do 29N en Galicia?

Os galegos escollerán os representantes do Congreso dos Deputados e do Senado. **Páx. 26-27**

Ampliado o orzamento do Plan Deputación

Nunhas contas históricas, o programa de colaboración cos concellos chega aos 25 millóns. **Páx. 29**

Museo dos Xigantes



Últimos pasos para abrir unha instalación histórica para As Pontes. **Páx. 9**

O Valuros



Máis de 30 anos impulsando a cultura tradicional desde Castro de Rei. **Páx. 13**

Taboi e Sobrada



As dúas torres de Outeiro de Rei presentan graves problemas. **Páx.23**



NOVAS

vilalba

Abre a inscrición para participar no segundo Mercado de Nadal

Abre o prazo de inscrición para participar no II Mercado de Nadal, que terá lugar os días 28 e 29 de novembro na Praza de Santa María, en horario de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas.

Esta iniciativa busca dinamizar a actividade do municipio e ofrecer á veciñanza e ás persoas visitantes un espazo de encontro arredor das compras de Nadal. O mercado reunirá diferentes postos destinados á venda de produtos propios destas datas, artigos artesanais e propostas para agasallar.

A convocatoria está dirixida a profesionais que desenvolvan unha actividade económica relacionada coa temática do mercado. As persoas participantes poderán inscribirse individualmente ou de maneira conxunta, cun máximo de dous participantes por posto. A organización facilitará unha caseta de venda a cada participante.

A alcaldesa, Marta Rouco, destaca a importancia de impulsar iniciativas que favorezan a actividade económica local, "desde o Concello seguimos traballando para dinamizar Vilalba, apoiar ás persoas que emprenden e ofrecen os seus produtos e crear oportunidades para que a veciñanza desfrute da nosa vila e merque no comercio de proximidade tamén durante o Nadal".

As persoas interesadas deberán presentar o modelo normalizado de solicitude (Anexo I), xunto coa documentación, no Rexistro Xeral do Concello de Vilalba ou a través do correo electrónico feiras@vilalba.es. O prazo permanecerá aberto ata o 22 de novembro de 2026.

Renovan a estrada entre Martiñán e Carballido

O vicealcalde Modesto Renda anunciou a renovación completa da estrada que comunica o barrio de Martiñán coa parroquia de Carballido.

Esta nova actuación, tivo un custe de 10.772 euros e o Concello iniciou a rexeneración total do firme á altura da Casilla, no cruce coa N-634.

Ademais, pavimentáronse tamén dous accesos a varias vivendas e parcelas agrícolas con grixo compactada e colocáronse tubos de drenaxe para dar solución aos problemas que viñan sufrindo os residentes.

Renda, que coma sempre contrastou cos seus veciños/as o día día da actuación, explicou que a esta obra sumaránselle outras máis nos vindeiros meses en beneficio das parroquias da contorna.

A Biblioteca xa leva o nome de Agustín Fernández Paz

Concello e Iescha presentan a candidatura do vilalbés ás Letras Galegas



A memoria de Agustín Fernández Paz está aínda máis presente en Vilalba. A Biblioteca Municipal da localidade leva desde agora o nome do recoñecido escritor vilalbés, tras un acto no que a súa filla, Mariña, descubriu a placa conmemorativa que oficializa esta homenaxe.

A celebración reuniu á alcaldesa, Marta Rouco, á presidenta do Instituto de Estudos Chairegos (Iescha), Marisa Barreiro, e a outros representantes da corporación municipal. O acto organizouse en colaboración co Iescha no marco da iniciativa *'Miradas sobre Agustín 2026-2027,* coa que se pretende manter viva a figura e a obra.

A homenaxe estendeuse tamén á nova aula Agustín Fernández Paz, aberta desde maio no primeiro andar da biblioteca. Este espazo terá unha función expositiva e divulgativa e permitirá achegar á veciñanza parte dos fondos persoais que a familia do escritor doou, unha vez rematados os traballos de catalogación.

Co nomeamento da biblioteca municipal e a apertura dun espazo específico dedicado ao autor, Vilalba reforza a súa vinculación cunha das figuras destacadas da súa historia cultural. A homenaxe busca que novas xeracións poidan achegarse á súa obra e coñecer tamén parte do seu legado persoal.

LETRAS GALEGAS. A iniciativa Miradas sobre Agustín', impulsada polo Instituto de Estudos Chairegos, pretende dar a coñecer as diferentes facetas do escritor e contribuír a difundir a súa importancia na literatura galega. Entre os seus obxectivos figura tamén impulsar a candidatura de Agustín Fernández Paz ás Letras Galegas de 2028.

"Parécenos importante apoiar iniciativas que divulguen todas as facetas de Agustín e contribúan a que se recoñeza a súa traxectoria. Desde Vilalba queremos sumarnos a ese traballo colectivo para que se valore a súa candidatura", dixo a alcaldesa.

PREMIO LITERARIO



O Auditorio Municipal acolleu a gala do IX Premio Agustín Fernández Paz pola Igualdade. Fran Fernández Dávila recibiu o galardón desta edición coa obra *Quero ser coma Vero Boquete.* Durante a gala tamén se anunciou a obra premiada no X certame, *O derradeiro xogo do avó,* de Miguel Alonso Diz.





O Concello e os empresarios reforzan a seguridade do polígono

O Concello colaborou coa Asociación de Empresarios Sete Pontes na instalación de 12 cámaras de seguridade no polígono industrial, mediante a execución dos traballos necesarios para dotar os dispositivos da infraestrutura de soporte e da subministración eléctrica.

A actuación municipal, realizada polo persoal do Concello e cun investimento de fondos propios de arredor de 15.000 euros, incluíu a colocación dos postes, as correspondentes bases de formigón e a instalación de aproximadamente 1.500 metros de cableado eléctrico. Pola súa banda, a instalación das 12 cámaras foi realizada pola Asociación de Empresarios Sete Pontes.



O sistema distribúe seis cámaras nas entradas do parque empresarial e outras seis en distintos puntos do polígono, co obxectivo de reforzar a súa vixilancia.

Unha vez que os dispositivos estean operativos, a Asociación de Empresarios Sete Pontes prevé asinar un convenio co Concello de Vilalba para a cesión das cámaras, de maneira que a Policía Local poida visualizar as imaxes. Este acordo permitirá establecer o marco de colaboración para o acceso ás imaxes por parte da Policía Local.

Destinan máis de 545.000 euros a mellorar infraestruturas e servizos

O Pleno aprobou un expediente de crédito extraordinario por importe de 545.871,46 euros, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais. A modificación orzamentaria permitirá acometer diferentes intervencións para mellorar as infraestruturas, renovar servizos e manter instalacións municipais, tanto no núcleo urbano como nas parroquias.

A actuación de maior contía será a mellora da rúa Plácido Peña, que disporá dun investimento superior aos 134.000 euros. O proxecto contempla a substitución de 20 farois por novos báculos de sete metros con iluminación LED e a renovación dos espazos situados nos cruzamentos coas rúas Cidade de Viveiro e As Pontes.

O paquete de investimentos inclúe 50.152 euros para renovar o sistema de auga quente sanitaria da piscina climatizada, co propósito de mellorar o seu funcionamento e eficiencia enerxética. O Punto de Atención á Infancia contará cun novo sistema de climatización e aire acondicionado, cunha dotación de 33.230 euros, mentres que o campo de fútbol de herba artificial da Madalena mellorará a súa iluminación coa instalación de tecnoloxía LED, cun investimento de 21.469 euros.

Outra das intervencións previstas será a renovación da rede de saneamento da rúa Pita de Veiga, que contará con 13.103 euros. Reserva tamén 11.000 euros para actividades socioculturais e de dinamización nas parroquias e o acondicionamento de parcelas para habilitar aparcadoiros públicos, traballos de bacheo nos accesos de Corbelle, Martiñán e Oleiros e actuacións de mantemento en edificios municipais como a Casa da Cultura e o Auditorio.

Outro dos asuntos abordados na sesión foi o proxecto actualizado para a rexeneración do acceso ao núcleo de Ver, na parroquia de Goiriz, desde a estrada N-634. A intervención conta cun orzamento de 36.800 euros e financiarase mediante un convenio entre o Concello e a Deputación de Lugo.

O PP acusa á alcaldesa de "non ter proxecto serio para Vilalba"

O PP cre que "o cambio de idea da alcaldesa socialista sobre as instalacións e terreos da estación de autobuses evidencian que non ten proxecto serio para o municipio".

Os populares poñen en evidencia "o repentino cambio de parecer" sobre este inmoble toda vez que Marta Rouco viña reclamando a recuperación da estación de autobuses e agora propón destinar eses terreos a vivenda pública.

En outubro do 2025 a alcaldesa reclamaba a recuperación da estación e, máis recentemente, no Pleno do Concello de maio deste ano, o PSOE lograba aprobar -co apoio de Vilalba Aberta e o BNG- unha moción para fixar o posicionamento de manter a estación de autobuses. Pero uns meses despois a propia alcaldesa lanza unha proposta ao Goberno galego sobre o uso de instalacións e terreos que son de titularidade do Concello rodeada de cargos do PSOE no que "parece unha acción de oportunismo político".

Os concelleiros do Partido Popular condenan que "a alcaldesa socialista centre a súa actividade en intentar facer oposición á Xunta de Galicia en lugar de ocuparse dos asuntos da súa competencia e atender as necesidades do día a día dos vilalbeses".

Concretamente en relación á estación de autobuses, explican que ante a proposta da Administración autonómica de habilitar en Vilalba unha nova parada máis adecuada ao actual uso por parte dos viaxeiros en substitución da estación de autobuses que se podería dirixir a outros usos, "a propia alcaldesa propuxo a localización dun refuxio enfronte da estación en terreos municipais".

ESTUDO DA MURALLA



Comezaron os traballos de estudo dos posibles restos da antiga muralla da localidade, nunha actuación na que participan técnicos da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Nesta primeira fase, os técnicos realizaron labores de limpeza e toma de mostras, así como traballos de topografía e fotogrametría.



a voz dos alcaldes

VILALBA: Marta Rouco Seoane

“Para gobernar un concello hai que coñecelo, pisar territorio, escoitar e estar”

A alcaldesa vilalbesa enfrontará este ano as primeiras eleccións á fronte do PSOE, despois de tres anos de traballo logo de substituír a Elba Veleiro en 2023 dentro do Goberno de coalición





Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido e á Alcaldía.
A política gustoume desde pequena. desde que cheguei un día onde a miña nai lendo unha das cartas que mandaban durante as campañas electorais. Estudei Ciencias Políticas, aínda que nunca pensei dedicarme a ela tan directamente nin chegar a ser alcaldesa. Na miña familia transmitíronme unha forte conciencia de esquerdas e, en 2011, Eduardo Vidal propúxome entrar na candidatura do PSOE. En 2015 incorporeime á Corporación e, tras a marcha de Elba, asumín a Alcaldía, á que chegara como número dous. Agora afronto unha nova etapa: presentarme por primeira vez como cabeza de lista e pedir a confianza da cidadanía no meu proxecto.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello? E beneficios?
Ser alcaldesa implica estar dispoñible as 24 horas do día, aínda que non traballes todo ese tempo. O maior sacrificio é o que lle restas á vida persoal, á familia e aos amigos. Pero compénsame o contacto coa xente: gústame asistir ás comidas das asociacións, ás festas das parroquias e participar nas actividades veciñais. Non me importa que me paren en calquera momento para trasladarme un problema. Ás veces podes solucionalo e outras non, o que tamén xera frustración. Pero cando consegues axudar a alguén, a satisfacción é enorme.

Como equilibra a vida pública e a privada?
Non sempre é doado, porque son moi sociable e gústame estar ao tanto do que acontece. Moitas veces, a información máis valiosa xorde nun café ou nunha conversa cos veciños. Son perfeccionista, dedico moito tempo ao traballo e gústame coñecer as cousas de primeira man. Desde o ano pasado percorro as parroquias para escoitar a veciñanza. Creo que gobernar Vilalba require coñecer ben o concello, e iso non se consegue só cos informes do despacho: hai que pisar o territorio, escoitar e estar presente.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?
O meu obxectivo é que Vilalba sexa un lugar onde vivir ben, con bos servizos e oportunidades para desenvolver un proxecto de vida sen ter que marchar. Para iso cómpre mirar ao futuro sen descoidar o presente: impulsar grandes infraestruturas, pero tamén resolver problemas cotiáns, mellorar as rúas ou atender as familias que o necesitan. Todo iso desde a transparencia, explicando á veciñanza como se xestionan os recursos públicos e por que non sempre é posible dar resposta a todas as demandas.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?
Quero seguir traballando en cuestións prioritarias como o ciclo da auga, buscando unha solución definitiva aos episodios de turbidez e mellorando o abastecemento, especialmente no rural. Tamén é necesario reforzar o mantemento da rede de vías municipais, mesmo coa posibilidade de crear un parque móbil propio. Ademais, quero avanzar na mellora das instalacións públicas, na vivenda e na procura dunha solución para a estación de autobuses. O obxectivo é resolver necesidades e deixar Vilalba mellor do que a atopamos.

Cales son as principais liñas do seu programa?
O programa electoral será froito tamén de escoitar á veciñanza e do coñecemento das necesidades do municipio. As prioridades serán reforzar os servizos públicos, mellorar as infraestruturas, atender o rural, favorecer a conciliación e facer de Vilalba un lugar atractivo para vivir e traballar. Todo iso cun proxecto realista, con propostas viables e planificación económica.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Vilalba arrastra necesidades importantes, como a renovación da rede de auga e o mantemento das vías municipais, fundamentais nun concello con 29 parroquias. Tamén é necesario garantir o financiamento dos servizos sociais, especialmente do Servizo de Axuda no Fogar. Outra prioridade é resolver a situación da estación de autobuses. Propuxemos á Xunta buscar unha nova localización para o transporte público e destinar os terreos actuais a vivenda pública, dando resposta a dúas necesidades fundamentais do municipio.

De que proxectos se sente máis orgulloso?
Síntome orgullosa de proxectos como as melloras na depuradora e no saneamento, as novas piscinas, a rehabilitación da Casa do Concello ou o novo Punto de Atención á Infancia, así como do esforzo por manter servizos como o SAF, que atende máis de 300 persoas. Pero a maior satisfacción é poder resolver problemas que levan anos pendentes e que afectan ao día a día da veciñanza. Aí é onde cobra sentido a política municipal.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcaldesa?
Gustaríame que me visen como unha persoa próxima, traballadora e accesible, comprometida con Vilalba e coa súa xente. Quero que a veciñanza poida falar comigo con naturalidade, sen barreiras nin formalidades. Tamén quero transmitir preparación, rigor e capacidade de xestión, porque a proximidade non está rifada co traballo ben feito. Non pretendo que todos estean de acordo comigo, pero si que ninguén sinta que non puido falar coa súa alcaldesa cando o necesitaba.

Como é a súa relación coa oposición?
A relación persoal é boa, aínda que politicamente existen diferenzas. Considero que a oposición ten un papel importante e que discrepar forma parte da democracia, pero tamén debemos priorizar os intereses de Vilalba por riba das siglas. Hai cuestións nas que é necesario chegar a acordos para mellorar os servizos e a calidade de vida da veciñanza. A miña responsabilidade é defender Vilalba, independentemente das cores políticas ou da administración implicada.

DATOS

HABITANTES: 13.787.
PARROQUIAS: 30.
EXTENSIÓN: 379 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 8 concelleiros do PP, 5 do PSOE, 3 Vilalba Aberta e 1 do BNG.
VOCEIRA Partido Popular: Sandra López Rodríguez.
VOCEIRO VILALBA ABERTA: Modesto Renda Santiso.
VOCEIRO BNG: Constantino Alvite Muinelo.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
43 anos, estou casada e teño unha filla
- **Profesión e formación**
Son licenciada en Ciencias Políticas e da Administración e traballo na Administración pública
- **E se non o fose que lle gustaría ser?**
Veterinaria ou profesora
- **Que quería ser de maior**
De pequena, veterinaria
- **Que fai para desconectar?**
Vou ao ximnasio e gústame moito camiñar, sobre todo ao aire libre
- **Unha virtude e un defecto**
Son moi perfeccionista; ás veces é unha virtude e outras non tanto
- **Un consello para compartir**
O que me dixo Benedicta Sánchez na Tasca do Liño: “A vida hai que bailala como veña e mirar de non perder nunca o compás”
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
O home que matou a Antía Morgade, de Arantxa Portabales; *La bola negra*, dos Javis; e Love of Lesbian
- **Unha afección**
Xogar ao pádel
- **Un lugar que visitar**
O Paseo Fluvial de Vilalba, sen dúbida
- **Unha comida e unha bebida**
Un churrasco con amigos e unhas cervexas
- **Unha persoa admirada**
Agustín Fernández Paz
- **Unha posesión prezada**
Non teño moito apego ás cousas materiais; o máis prezado que teño é a miña filla
- **Un desexo**
Que se atope dunha vez por todas a cura para o cancro
- **Algo para esquecer**
preocupacións que non teñen solución e nos quitan tempo para o que realmente importa
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
O sentido do humor. Para min é fundamental
- **Un desafío pendente**
Que a Xunta escoite a nosa reivindicación, unha solución á estación de autobuses de Vilalba
- **Onde se ve en cinco anos?**
En Vilalba, desfrutando dos meus



Ana Pontón destaca que Francisco Novo pode abrir un tempo novo

A portavoz nacional, Ana Pontón, participou no acto de presentación do candidato do BNG á Alcaldía de Vilalba, Francisco Xabier Novo, convencida de que o modelo municipal de éxito que ofrece o Bloque é a mellor alternativa para darlle a este concello un futuro mellor.

"Vilalba precisa abrir un tempo novo con ilusión e con ambición e, para iso, desde o BNG ofrecemos un proxecto para avanzar e un gran candidato, Francisco Xabier Novo. Proxecto e candidato solventes son a combinación perfecta para unha Vilalba que merece máis, máis calidade de vida, mellores servizos públicos; merece máis dinamismo económico, social e cultural", destacou.

A líder do Bloque indicou que para ter "resultados diferentes, hai que abrir camiños diferentes e ilusionantes", como os que ofrece o modelo municipal de éxito do BNG, "que funciona, que mellora a vida da xente, demostrámolo alí onde gobernamos, e ese modelo é o que queremos para Vilalba".

Porque Vilalba, destacou, non pode seguir perdendo oportunidades porque lle falten infraestruturas que son esenciais; non pode ser que en 2026 un concello coma Vilalba teña parroquias sen servizos básicos, nin pode ser que careza dun plan que rehabilite e poña en valor o centro histórico e o gran patrimonio arqueolóxico do que dispón a vila. "No BNG temos proxecto para Vilalba e estamos preparados para darlle máis e mellores servizos públicos como facemos alí onde gobernamos, demostrando que sabemos facer as cousas ben", argumentou a portavoz nacional.

Neste sentido, explicou, os gobernos municipais do BNG son gobernos de calidade, que xestionan con eficacia cada euro, que transforman en positivo e que colocan ás persoas no centro da súa actuación política; "porque non estamos en política para quentar unha cadeira, nin estamos para xestionar desde a rutina; ao contrario, queremos concellos que avanzan, que miran ao futuro con optimismo". Ese modelo é o que o BNG quere tamén para Vilalba sendo decisivos a partir do 23 de maio.

De cara a esa cita electoral, Pontón destacou que a veciñanza pode confiar no BNG, "porque aquí estamos coa man tendida, cun gran proxecto e cun gran candidato para abrir un tempo novo neste concello".

Convocan axudas para os gastos de notaría na concentración de fincas

O Concello de Vilalba habilitou unha liña de axudas destinada a sufragar os gastos de notaría derivados da concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola ou gandeiro. O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o 8 de novembro de 2026.

As axudas están dirixidas aos propietarios de terreos rústicos que realicen operacións de segregación ou permuta, sempre que estean ao día coas súas obrigas coa Facenda e coa Seguridade Social e cumpran os requisitos establecidos legalmente.

A convocatoria contempla a cobertura dos gastos de notaría derivados da agregación, permuta ou segregación de fincas. A axuda poderá alcanzar ata o 100 % do custo destes gastos, aínda que en ningún caso poderá superar o importe total da operación. Ademais, é compatible con outras axudas sempre que non se supere o custo total da actuación.

As solicitudes serán atendidas por orde de presentación ata que se esgote o orzamento dispoñible. As persoas interesadas poden obter máis información no local do Sindicato Labrego Galego (SLG) en Vilalba.

A Deputación investirá 333.000 euros para facer dúas rotondas

A Deputación aprobou investimentos por 1M€ para mellorar a mobilidade provincial e municipal. Así o avanzou a voceira socialista do goberno provincial, Pilar García Porto, quen destacou que estes acordos "dan resposta a necesidades concretas dos concellos e da veciñanza".

Así, obtivo luz verde un convenio co concello de Vilalba, por un importe próximo aos 333.000 euros, para construír dúas glorietas no municipio. A primeira estará situada na intersección do Campo da Ponte coa rúa Castelao, mentres que a segunda se construirá no entorno da avenida Terra Chá, a rúa da Feira e a avenida de Cospeito.

O proxecto inclúe, ademais, melloras nos pasos de peóns, creación de zonas verdes e reorganización das prazas de aparcamento. No Campo da Ponte habilitarase tamén un espazo de descanso e acollida para as persoas peregrinas que percorren o Camiño do Norte. A voceira socialista explicou que a actuación "busca mellorar a reordenación e a seguridade, pero tamén facilitar os desprazamentos a pé e facer máis accesibles estes espazos, mantendo a actividade comercial da vila".

EN BREVE

VINTALBA. Convocada unha nova edición de Vintalba, o mercado de segunda man de Vilalba, que se celebrará o domingo 8 de novembro, na Praza de Santa María, en horario de 10:00 a 15:00 horas. Con esta convocatoria, o Concello acada a quinta edición dunha iniciativa que forma parte do programa de dinamización da Praza de Santa María durante os domingos de feira.

LANZÓS. A localidade celebrará as súas tradicionais festas na honra a San Martiño durante a fin de semana do 14 e 15 de novembro. A programación dará comezo o sábado, ás 13.30 horas, cunha misa solemne, seguida dunha procesión e dunha sesión vermú amenizada polo grupo Ritmo. Pola noite, a festa continuará cunha gran verbena na que volverá actuar esta formación, acompañada pola orquestra Suavecito. O domingo, os actos relixiosos celebraranse novamente ás 13.30 horas. A continuación, o grupo Lume será o encargado de amenizar a sesión vermú.

ÁRBOL. Asociación Cultural e Deportiva de Árbol celebrará o sábado 7 de novembro de 2026 a súa Asemblea Xeral Ordinaria, que terá lugar na Escola do Santo. A convocatoria establece a primeira chamada ás 16.30 horas e a segunda e última ás 17.00 horas. Durante a reunión, a directiva presentará un informe das actividades realizadas e o estado de contas para a súa aprobación, se procede. Unha vez rematada a asemblea, a asociación organizará unha liscada.

CURSO. O Centro Cultural e Recreativo organiza un curso de trenzado de taburetes que terá lugar o sábado 7, en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas. A actividade estará impartida pola profesional Sara Riveira Souto. O prezo do curso será de 70 euros para os socios e de 80 euros para os seus acompañantes.



as pontes

O Concello incorporará medidas para a mellora na recollida de residuos

O Concello impulsará novas melloras na xestión dos residuos municipais coa adquisición dun punto limpo móbil e a posta en marcha de actuacións para dixitalizar e optimizar o servizo. Estas iniciativas contan cun financiamento total de 28.709,30 euros, procedente das axudas da Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea.

As subvencións foron concedidas ao abeiro da Orde do 15 de xaneiro de 2026, destinada a financiar actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal.

Unha das actuacións consiste na adquisición dun punto limpo móbil, cun investimento de 13.709,30 euros. Trátase dun vehículo equipado que permitirá achegar ás parroquias e aos distintos núcleos de poboación a recollida separada de residuos especiais, como aceite usado, pilas, pequenos aparellos eléctricos, lámpadas, téxtiles e envases de produtos perigosos. O obxectivo é facilitar á veciñanza a correcta xestión de residuos.

A segunda actuación, cun investimento de 15.000 euros, centrarase na dixitalización e optimización do servizo municipal de residuos. Para iso, elaborarase un inventario xeolocalizado dos contedores e puntos de achega do municipio, xunto cun estudo técnico sobre o funcionamento do servizo e a súa saturación e unha análise dos custos reais asociados a cada fracción.

Rematan as obras de urbanización da praza pontesa do Barreiro



As obras de reurbanización da Praza do Barreiro xa están rematadas. A actuación contou cun orzamento de 372.644,07 euros, financiado pola Deputación da Coruña, e foi adxudicada á empresa Construcciones Fego Atlántico SL. Os traballos enmárcanse na estratexia municipal dos últimos anos para mellorar a calidade dos espazos públicos e avanzar cara a unha vila máis amable, inclusiva e respectuosa co medio ambiente.

O proxecto tivo como obxectivo recuperar este espazo emblemático do poboado do Barreiro, transformándoo nun lugar máis acolledor e adaptado ás necesidades da veciñanza, cunha actuación integral que abrangue a funcionalidade, a accesibilidade, a seguridade e a sustentabilidade ambiental.

Entre as principais melloras destaca a reorganización do espazo para favorecer o lecer e a convivencia veciñal, coa creación de novas zonas de estancia e reunión, unha área de xogos infantís e unha ampla superficie axardinada. Todo o conxunto está articulado mediante itinerarios peonís que facilitan a conexión coa contorna e cos edificios residenciais.

A intervención permitiu tamén mellorar a accesibilidade mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas que dificultaban o tránsito, especialmente para as persoas con mobilidade reducida. Os novos percorridos, os pavimentos seleccionados e a adaptación dos accesos aos portais das vivendas contribúen a garantir un uso máis cómodo e inclusivo do espazo público.

No ámbito da seguridade, a reorganización dos elementos urbanos e a renovación do sistema de iluminación melloran as condicións de uso da praza e a visibilidade durante as horas nocturnas. Neste sentido, substituíuse a rede de alumeado por luminarias LED de baixo consumo e alto rendemento, contribuíndo tamén á eficiencia enerxética.

Trece locais participarán no Saborea As Pontes

A nova edición de Saborea As Pontes. Concurso de Tapas 2026 reúne este ano trece establecementos hostaleiros co obxectivo de poñer en valor a cociña local, apoiar o sector da hostalaría e dinamizar a actividade económica do municipio.

O certame desenvolverase durante dúas fins de semana, do 12 ao 15 e do 19 ao 22 de novembro. Os establecementos participantes ofrecerán as súas creacións gastronómicas a un prezo único de 2,50 euros por tapa, convidando á veciñanza e ás persoas visitantes a percorrer os locais da vila, descubrir novas propostas culinarias e gozar da variedade e creatividade da hostalaría pontesa.

Os horarios do concurso serán os xoves e venres, de 19.30 a 23.00 horas, e os sábados e domingos, tanto ao mediodía, de 12.00 a 15.00 horas, como pola tarde-noite, de 19.30 a 23.00 horas.

Contará este ano cunha dotación total de 1.200 euros en premios.

O CEIP A Magdalena reclama a reparación da cuberta do edificio B

O consello escolar do CEIP A Magdalena iniciou unha recollida de sinaturas para reclamar á Consellería de Educación a reparación da cuberta do edificio B, onde se atopaba o antigo CPI Monte Caxado. O deterioro das instalacións leva anos provocando problemas no centro.

Segundo explica o consello escolar, a cuberta atópase nun estado de conservación “deplorable”, que causa goteiras e humidades nas aulas ano tras ano. A comunidade educativa denuncia que esta situación persiste malia as numerosas peticións realizadas para solucionar o problema.

O consello sinala que a situación foi trasladada “reiteradamente” á Xunta, á que se lle solicitou o seu arranxo. Porén, ante a falta dunha solución, a comunidade educativa decidiu impulsar esta iniciativa para reclamar unha intervención que permita poñer fin ás filtracións e ás humidades.

As follas de sinaturas estarán dispoñibles para todas as persoas que desexen apoiar a reivindicación no edificio administrativo do CEIP A Magdalena, na conserxaría.





Indra prevé producir 80 vehículos militares ao ano e 120 empregos

A nova planta da compañía no polígono industrial de Penapurreira suporá un investimento inicial de preto de 18 millóns de euros e comezará en 2027 coa integración de vehículos lanzapontes para o Exército de Terra. O proxecto busca reforzar a diversificación industrial da comarca e conta con capacidade para ampliar as instalacións con outras dúas naves.

A fábrica de Indra nas Pontes deu un novo paso cara á súa posta en marcha coa presentación dun proxecto que aspira a converterse nun dos referentes da industria de defensa en Galicia. A instalación terá capacidade para producir ata 80 vehículos militares ao ano cando alcance o seu nivel óptimo de actividade e prevé xerar entre 70 e 120 empregos directos cualificados, aos que se engadirán os postos de traballo vinculados á cadea de provedores e empresas auxiliares.

O acto contou coa participación do presidente da Xunta, Alfonso Rueda; do delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; do presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso; e do conselleiro delegado de Indra Group, Josep Maria Recasens, entre outras autoridades. As intervencións estiveron marcadas polas referencias ao accidente ferroviario ocorrido en Urda (Toledo).

A nova factoría sitúase no polígono industrial de Penapurreira, nunha parcela de 52.872 metros cadrados, dos que 13.730 corresponden a superficie construída. A empresa destinará arredor de 18 millóns de euros á adecuación das instalacións, que contarán con tecnoloxía avanzada, sistemas de dixitalización e ferramentas de intelixencia artificial.

A actividade comezará en 2027 coa integración dos vehículos lanzapontes (VLP) destinados ao Exército de Terra. Nos meses posteriores incorporarase a produción dos Vehículos Anfibios de Combate de Infantaría de Mariña (VACIM), mentres que os sistemas de artillaría autopropulsada sobre rodas se sumarán ao proxecto en 2029.



A previsión da compañía é alcanzar unha capacidade de 80 vehículos anuais cando a fábrica funcione a pleno rendemento. Para iso, disporá de tres liñas paralelas de montaxe, unha zona de almacenamento interior e talleres de electrónica nos que se traballará cos sistemas que integrarán as distintas plataformas militares.

As instalacións completaranse cunha área exterior de pintura e probas de 5.200 metros cadrados, unha pista de rodadura de case 15.000 metros cadrados e unha explanada de 7.000 metros cadrados para almacenar vehículos.

O presidente da Deputación e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, puxo en valor a colaboración entre as distintas administracións, a empresa e os axentes económicos e sociais para facer realidade a chegada de Indra ao municipio.

«Se se traballa así, este país é imparable», afirmou durante a presentación, na que lembrou que o proxecto é froito de máis de dous anos de xestións e traballo compartido. Formoso agradeceu a implicación do Goberno central, da Xunta, da Deputación e do Concello, así como a colaboración do tecido empresarial e dos propietarios dos terreos.

O rexedor salientou que a implantación da compañía supón unha oportunidade para diversificar a economía local, especialmente despois do peche da central térmica, e para crear emprego cualificado que permita á veciñanza desenvolver o seu futuro profesional na comarca sen ter que marchar.

Formoso tamén subliñou que a planta dispón de marxe para crecer, xa que o espazo permite levantar outras dúas naves de características semellantes. Esa ampliación podería facilitar a creación de centos de empregos directos nos próximos catro ou cinco anos. «Isto é só o comezo», asegurou.

O alcalde vinculou esta iniciativa a outras oportunidades industriais que se abren nas Pontes.

Autorizan a instalación de baterías do parque eólico de Tesouro

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, autorizou a instalación do sistema de baterías Tesouro Storage, un proxecto vinculado a un dos parques eólicos que permanecen paralizados en Galicia polos recursos presentados por grupos ecoloxistas.

O Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou a autorización administrativa e de construción concedida á empresa Enel Green Power España. Este trámite supón o paso necesario para poñer en marcha o proxecto, que unicamente precisaría xa a licenza de obra.

A nova infraestrutura terá unha potencia de 17,5 megavatios e estará vinculada ao futuro parque eólico de Tesouro, proxectado cunha potencia de 50,4 megavatios.

A actuación inclúe unha liña subterránea de alta tensión entre ambas as infraestruturas e supón un investimento total de 14,1 millóns de euros, que se engaden aos 70 millóns previstos para a construción do parque eólico.

O alcalde celebrou o investimento e destacou a incorporación dunha nova tecnoloxía de almacenamento enerxético vinculada ao parque eólico de Tesouro. "Preto de 90 millóns de euros de investimento entre esta e o propio parque", sinalou. Formoso tamén puxo en valor a capacidade do municipio para contar con diferentes tecnoloxías enerxéticas. Segundo indicou, "en pouco tempo seremos o único concello que conte con presenza das tres tecnoloxías existentes: baterías, central de bombeo hidráulico e produción de hidróxeno".

PREMIO DE ENSAIO



O investigador pontés Xosé María López Fernández fíxose co primeiro premio da XIX edición do Premio de Investigación Ferro Caaveiro, convocado polo Museo Etnográfico da Capela, polo traballo *Economía simbólica da morte no mito fluvial eumés*. O recoñecemento pon en valor unha investigación que afonda no patrimonio cultural e na tradición oral da contorna.



AS PONTES: Valentín González Formoso

“O máis importante foi pacificar unha vila que estaba totalmente dividida”

O alcalde das Pontes combina o seu posto de primeiro edil co de presidente da Deputación. Renovou a maioría malia a baixada de poboación tralo desmantelamento da central





Como comezou a súa traxectoria política e como se vinculou ao Partido Socialista?

Cando marchei estudar a Santiago de Compostela, afilieime ao Partido Socialista, con 18 anos. Sempre me preocupou a sociedade na que vivo, porque creo que hai que implicarse, ter criterios, participar e achegar. O fácil é criticar desde fóra e renunciar, pero o difícil é implicarse. Pódese facer desde un partido político, desde unha entidade cultural ou desde unha entidade social. En definitiva, trátase de achegar e participar na sociedade.

Como deu o salto á alcaldía?

Ofrecéronme ser candidato en 2003. Despois dunha reflexión persoal, entendín que era necesario implicarse nun pobo que tiña un goberno moi radical, que excluía todo aquilo que non fose nacionalista e de esquerdas. Eu quería que os meus fillos vivisen nunha sociedade libre, na que calquera puidese opinar e participar desde calquera opción política.

Que sacrificios persoais lle supuxo formar parte do goberno municipal? No seu caso agravado porque ademais é presidente da Deputación da Coruña.

Non sei se se pode chamar sacrificio a facer aquilo que un decide facer, con todo o que implica para o futuro e para o presente da túa vila. Pero si, hai sacrificios. Isto require moitísimo tempo e se ademais es responsable do futuro inversor de 93 concellos pois aínda é máis acusado. Pero, en definitiva, se te rodeas ben, contas cun bo equipo e fas as cousas con ilusión, como é o meu caso, creo que os resultados non son tan malos. Persoalmente, considero que paga a pena.

Que beneficios ten, entón, dedicarse á política?

Dáche conciencia. Cando chegas á casa, sabes que estás facendo todo o posible para que a sociedade na que vives avance. E que avance sempre sobre a base de garantir oportunidades e xustiza social.

Cales son os seus obxectivos políticos?

O meu obxectivo é que predomine a socialdemocracia en todas as institucións nas que poidamos estar. Que exista a garantía de que os poderes públicos loitan para que os servizos básicos sexan de calidade, que non se reduzan nin se privaticen. A educación, a sanidade e as pensións públicas deben ser, principalmente, os obxectivos prioritarios das institucións nas que gobernamos. Estamos a falar dun partido como o noso, que gobernou o Estado máis que ningún outro, que é maioritario no ámbito municipal e que leva doce anos gobernando a provincia da Coruña. Creo que sempre ofrecemos esa perspectiva socialdemócrata.

Centrándonos na alcaldía, cales son as principais liñas do programa e as actuacións previstas para esta etapa?

Creo que aínda non estamos nesa fase. Estamos centrados en rematar unha lexislatura na que aínda queda moitísimo traballo por diante. Temos unha tarefa moi intensa, con proxectos de gran relevancia no ámbito social e no dos servizos públicos. Polo tanto, agora mesmo estamos centrados nesas tarefas.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Creo que o máis importante foi pacificar unha vila que atopamos totalmente dividida, cunha presenza sectaria moi importante. Para min, ese foi o principal logro: conseguir que calquera persoa poida participar sen ningún tipo de actitude excluínte e sen sufrir penalización social por pertencer a unha formación política determinada. Tamén houbo unha transformación urbanística importante durante estes anos. Urbanisticamente, en vinte anos a vila transformouse totalmente. Buscamos construír unha localidade bonita, na que apeteza vivir. Creo que conseguimos o recoñecemento dos veciños, pero tamén da xente de fóra. Hoxe temos unha vila que non se parece en nada á imaxe que ofrecía en 2004.

Que lle gustaría que visen os veciños en vostede como alcalde?

Gustaríame que visen unha persoa que lle dedicou a vida á que o pobo avanzara. Intento facer todo o que podo para mellorar en todos os ámbitos, desde a xustiza social ata a cultura, que sexamos unha vila de referencia en moitos aspectos. Quero que os veciños vexan unha persoa humilde, tamén, como traballador. Alguén que intenta facer as cousas ben, aínda que, como calquera ser humano, ás veces se equivoque.

Que necesidades ten actualmente a localidade?

Necesitamos unha residencia de maiores, que será unha realidade a partir do próximo ano. Tamén necesitamos solo industrial para proxectos pequenos e medianos. E fai falta construír vivenda nova, tanto para a xente nova como para quen está chegando vivir aquí ou busca oportunidades para acceder a unha vivenda.

DATOS

HABITANTES: 9.782.
PARROQUIAS: 13.
EXTENSIÓN: 249 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Ferrol.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PSOE, 3 do BNG e 2 do PP.
ALCALDE: Valentín González Formoso do PSOE.
VOCEIRA BNG: Carmela Franco Caaveiro.
VOCEIRA PP: Maria del Carmen Dopico Rodríguez.

EN CLAVE PERSOAL

• Idade, estado civil e familiar
Teño 55 anos, estou casado e teño dous fillos

• Profesión e formación
Son licenciado en Dereito e especialiceime en Administración Local na USC. Profesionalmente, son asesor xurídico en materia ambiental e estou en excedencia como xerente de Iberdrola para Galicia

• Que quería ser de maior
Eu sempre quixen ser diplomático no estranxeiro. Tiven esa ilusión

• Que fai para desconectar?
Bicicleta, pasear e ler

• Unha virtude e un defecto
Como virtude, diría que son unha persoa de principios. Como defecto, gustaríame ser máis ordenado

• Un consello para compartir
A pandemia ensinounos que, ou valoramos as cousas importantes, ou demostramos que, como especie, merecemos moi pouco a pena

• Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante
Encántame o cine clásico. Calquera película de cine clásico me vale. En canto á música, quedaríame con Mark Knopfler e Bruce Springsteen. E, como libro, calquera de Manolo Rivas, *El lápiz del carpintero* ou calquera deses

• Unha afección
O chocolate

• Un lugar que visitar
As Painceiras, en Bermui

• Unha comida e unha bebida
A tortilla da miña sogra. Para beber, unha Estrella

• Unha persoa admirada
A miña nai

• Unha posesión prezada
Un bote de area da praia da La Normandía

• Un desexo
Trump e Putin non deberían ser un exemplo para ninguén

• Algo para esquecer
Trump e Putin

• Que é o que máis valora nunha persoa?
A bondade

• Un desafío pendente
Facer o Camiño Inglés

• Onde se ve en cinco anos?
Espero que máis delgado (risas)

Ultiman os preparativos para abrir o museo ao aire libre dos xigantes

As Pontes encara a recta final dos traballos para abrir o Parque da Memoria Toxo Verde, un museo ao aire libre de 155.000 metros cadrados que permitirá recuperar e divulgar o pasado mineiro do municipio. O espazo, situado xunto ao lago das Pontes, atópase pendente dos últimos remates antes da súa inauguración, aínda sen data confirmada.

O proxecto conta cun investimento de 1,55 millóns de euros procedentes dos fondos de Transición Xusta. O seu elemento máis destacado é a rotopala Buckau Wolf, unha xigantesca escavadora de rodete que se converteu nun símbolo da historia industrial da localidade. A maquinaria, de arredor de 110 metros de lonxitude e cun peso de 2.643 toneladas, é a única das sete escavadoras deste tipo que traballaron na mina pontesa que se conserva.

A restauración desta peza supón a maior parte do orzamento, con 780.682 euros destinados á súa recuperación. Os traballos inclúen a limpeza da estrutura metálica, a retirada dos elementos deteriorados, o reforzo dos soportes e a aplicación de pintura protectora. Tamén



se instalou iluminación ornamental alimentada mediante paneis solares. As actuacións comezaron en setembro de 2025 e tiveron que prolongarse debido aos temporais, que provocaron unha paralización de cinco meses. As condicións meteorolóxicas dificultaron especialmente os labores de pintado, que precisan de tempo seco. Na intervención participan tres empresas locais, Beralnia, Huso 29 e Prometal, agrupadas nunha unión temporal de empresas.

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, refírese ao futuro espazo como o «Parque dos Xigantes» e destaca o valor da maquinaria que se poderá contemplar. Segundo explicou, aínda quedan algúns remates por executar antes de fixar a data de apertura.

HISTORIA MINEIRA. O parque nace coa intención de transformar unha parte do antigo espazo mineiro nun recurso cultural e turístico. As primeiras actuacións centráronse na limpeza e recuperación dos terreos, que levaban anos abandonados, coa retirada de vexetación, entullos, chatarra e pezas que podían representar un risco para os visitantes.

Ademais da restauración da rotopala, o proxecto contempla a mellora dos camiños existentes e a creación de novas sendas peonís. Os percorridos permitirán achegarse á maquinaria e rodear a península, con vistas ao lago e á súa contorna natural.

O espazo contará tamén con bancos, papeleiras e paneis informativos de madeira, deseñados polo ilustrador pontés Miguel Ledo. A rotopala estará protexida por un peche perimetral que permitirá observala de preto, pero impedirá subir á estrutura por motivos de seguridade.

A colección xa inclúe outros elementos procedentes da actividade mineira, como unha roda de cangilóns, un carro portacabezas e un carro portacables, estes dous últimos cedidos por Endesa. O Concello pretende seguir ampliando o conxunto con novas pezas representativas da explotación mineira.

NOVAS INCORPORACIÓNS. Entre os próximos obxectivos figura o traslado dunha segunda rotopala, de menor tamaño, que permanece actualmente depositada en O Tesouro. A previsión municipal é incorporala antes do vindeiro mes de abril. O goberno local tamén estuda a adquisición doutras máquinas, como retroescavadoras, camións *dumper* e *bulldozers*, así como a posible recuperación dunha antiga locomotora Planet.

A mina de lignito a ceo aberto das Pontes, explotada por Endesa entre 1976 e 2007, chegou a ser a maior de España. Durante décadas, a actividade extractiva transformou a paisaxe e deixou unha enorme escavación que, tras o peche, foi inundada e sometida a un proceso de rexeneración ambiental. O resultado é o actual lago artificial, un dos principais elementos paisaxísticos do municipio.

A conservación da Buckau Wolf foi posible grazas á iniciativa municipal e á mobilización veciñal impulsada pola Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume. O Concello adquiriu a máquina en 2018 co propósito de evitar a súa desaparición e preservar unha parte fundamental da memoria industrial das Pontes.

Coa apertura do Parque dos Xigantes, o municipio busca converter este legado nun novo atractivo para visitantes e veciñanza, combinando patrimonio industrial, memoria histórica e natureza nun espazo que seguirá medrando nos próximos anos.



Comeza a contratación de persoal para o centro de atención ao autismo

O centro especializado na atención a persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) de Friol entra nunha nova fase antes da súa apertura. Aspanaes, a asociación que asumirá a xestión das instalacións promovidas pola Xunta, puxo en marcha o proceso para incorporar tres profesionais ao equipo que atenderá aos futuros usuarios.

A entidade oferta postos de logopeda, psicólogo e terapeuta ocupacional. As tres vacantes serán a xornada completa e con contrato indefinido, cunha retribución bruta anual de 21.568,62 euros. Para optar a elas será necesario contar coa titulación universitaria correspondente. As candidaturas deberán remitirse a través da web de Aspanaes antes do 6 de novembro.

A selección destes especialistas súmase á contratación da persoa que dirixirá o centro, anunciada hai aproximadamente un mes. A incorporación do resto do persoal será progresiva, ata completar un equipo de 41 traballadores directos cando a residencia funcione a pleno rendemento. Os servizos de limpeza tamén xerarán postos de traballo, aínda que serán prestados mediante subcontratación.

A previsión é que as instalacións poidan recibir os primeiros usuarios a finais de ano, unha vez rematadas as obras e colocado o mobiliario. O proxecto inclúe tamén a urbanización dos espazos exteriores e a creación de vías de acceso no contorno, actuacións que quedan pendentes.

O complexo sitúase nunha parcela municipal de 10.000 metros cadrados na rúa Carballal e dispón de 3.200 metros cadrados útiles. Terá capacidade para 48 residentes e estará distribuído en catro plantas. Na baixa habilitaranse espazos para terapias, salas de psicomotricidade e áreas de traballo para o persoal, ademais das dependencias administrativas. As dúas plantas superiores acollerán seis módulos de convivencia, con zonas privadas e comúns, mentres que o soto concentrará servizos como a cociña, a lavandería, os vestiarios e o garaxe.

Santos destaca os investimentos da Xunta en infraestruturas locais



O alcalde de Friol, José A. Santos pon en valor os investimentos recollidos nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano, que contemplan "actuacións relevantes" para o municipio nos ámbitos das comunicacións, a atención social e a mellora dos servizos básicos.

Unha das intervencións máis destacadas para o alcalde é a mellora da estrada LU-231, que comunica Friol con Palas de Rei, cun investimento de 2 millóns de euros para acondicionar os 9,3 quilómetros pendentes. "Esta actuación permitirá completar a renovación dos 18,7 quilómetros da vía, mellorando as comunicacións e a seguridade dunha infraestrutura estratéxica para Friol e para as súas conexións coa A-54, en Palas de Rei, e coa A-6, en Begonte", explica.

No ámbito social, destaca o Centro de Atención Integral para persoas con autismo, un equipamento duns 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. A dotación prevista destinarase a sufragar o custe da súa posta en funcionamento, un paso esencial para facer realidade este servizo, que contará con 48 prazas concertadas e que suporá un importante recurso asistencial para as persoas con autismo e as súas familias.

A estes proxectos suma dúas actuacións "fundamentais" para o rural de Friol, cuxa execución está prevista para o vindeiro ano. Trátase da mellora do abastecemento de auga en Seixón, cun investimento de 570.000 euros, e do saneamento do núcleo de Trasmonte, cunha dotación de 345.000 euros. Ambas permitirán modernizar infraestruturas esenciais e mellorar a calidade dos servizos que recibe a veciñanza.

O alcalde salienta que "estes investimentos son importantes para Friol porque responden a necesidades reais da nosa veciñanza. Falamos de mellorar as comunicacións, reforzar a atención social e garantir servizos básicos de calidade, tanto na capitalidade como nas parroquias".

Así mesmo, destaca a importancia da colaboración entre administracións para impulsar proxectos que contribúan ao desenvolvemento do municipio e á mellora da calidade de vida da cidadanía.

"Queremos un Friol con mellores infraestruturas, máis servizos e máis oportunidades de futuro. Seguiremos traballando e defendendo os intereses do noso concello para que estes investimentos se convertan en realidades e supoñan melloras concretas para toda a veciñanza", conclúe o alcalde.

Nuska Chousa ofrecerá unha conferencia sobre a horta

O Centro Sociocultural de Friol acollerá o vindeiro 27 de novembro, a partir das 11.00 horas, unha conferencia a cargo de Nuska Chousa centrada no mundo da horta e no coidado das plantas. Durante o encontro, a ponente compartirá consellos prácticos para mellorar o rendemento dos cultivos, manter as plantas sas e fortes e aproveitar ao máximo os recursos da horta.

A actividade terá un prezo de 8 euros e contará con aforo limitado, polo que será necesario adquirir as entradas con antelación. As persoas interesadas poderán recollelas en Baúl das Mimosas antes do luns 23 de novembro ou mercalas este domingo na feira de Friol. Para obter máis información, tamén poden contactar a través do teléfono 606 155 797.

A iniciativa está dirixida a todas as persoas interesadas na horticultura, no coidado das plantas e na natureza, que terán a oportunidade de aprender novos consellos e compartir experiencias nunha mañá dedicada ao coñecemento e ao cultivo da horta.



Friol estrea unha canle oficial de WhatsApp

O Concello vén de poñer en marcha unha canle oficial de WhatsApp coa que pretende mellorar a comunicación coa veciñanza e facilitar o acceso directo á información municipal.

O alcalde, José Ángel Santos Sánchez, anunciou a posta en funcionamento desta nova ferramenta, coa que o goberno local busca manter a poboación informada sobre a actualidade do municipio sen necesidade de recorrer a intermediarios.

A través da canle, as persoas usuarias poderán recibir avisos importantes, información sobre actividades e eventos, novidades municipais e datos relacionados cos servizos de interese. Tamén se contempla a difusión de comunicacións e avisos sobre incidencias.



A Deputación licita obras en estradas da localidade

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación de dúas actuacións na rede viaria provincial cun orzamento conxunto de 333.658,43€ e un prazo de execución de catro meses

En Friol, a intervención contempla a rehabilitación do firme de dúas estradas provinciais ao longo de todo o seu trazado. A LU-P-2109 entre Devesa e Vilafiz por Gonce; e a LU-P-2121 de Cotá ao Cinto Comarcal por Agruña. O orzamento conxunto para as dúas actuacións ascende a 159.644,19€.

"Como alcalde de Friol, valoro positivamente este avance, porque o mantemento e a mellora das estradas son fundamentais para a seguridade viaria, a mobilidade da veciñanza e a conexión das nosas parroquias", declarou Santos.

INVESTIMENTO NO RURAL

Castro de Rei aposta polo patrimonio municipal

O Concello recuperou a escola de Azúmara, rehabilitou o centro histórico e impulsou as concentracións parcelarias

O Concello de Castro de Rei mantén a súa aposta polo rural a través de iniciativas que combinan a recuperación do patrimonio local, a mellora dos espazos públicos e a modernización das infraestruturas agrarias. Tres liñas de actuación de diferente alcance reflicten este compromiso: a rehabilitación da antiga escola unitaria de Azúmara, a renovación do Conxunto Histórico de Castro de Rei e os procesos de reestruturación parcelaria que avanzan en Viladonga e Triabá.

A recuperación de edificios e espazos tradicionais constitúe unha das vías para manter viva a identidade das parroquias e ofrecer novos servizos á poboación. Nesa liña sitúase a rehabilitación da antiga escola unitaria de Azúmara, un inmoble histórico que data de arredor de 1930 e que foi recuperado para convertelo nun local de uso social por parte do Concello.

A actuación contou cun orzamento de 86.992,48 euros, dos que 69.595,98 foron achegados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), mentres que o resto foi financiado con fondos municipais.

Os traballos permitiron retirar a vexetación da contorna, limpar os muros de cachotaría, substituír os elementos deteriorados, como os linteis, e recuperar os elementos orixinais do edificio.Tamén se renovou o pavimento interior e se reconstruíu a cuberta respectando a estrutura tradicional, con madeira e lousa do país a dúas augas.

A intervención completouse coa adecuación dos espazos interiores e os acabados necesarios para adaptalos ao seu novo uso.

A finalidade é que a antiga escola se converta nun espazo útil para a veciñanza de Azúmara, que levaba tempo demandando un local axeitado para celebrar reunións, asembleas e encontros veciñais ou gastronómicos. A recuperación do inmoble permite así conservar unha peza do patrimonio da parroquia e darlle unha nova función ao servizo da comunidade.

O CENTRO HISTÓRICO

Outra das actuacións xa finalizadas céntrase no Conxunto Histórico de Castro de Rei, onde se completou un proxecto de mellora da accesibilidade, a mobilidade, a sinalización e a reciclaxe de residuos. A iniciativa contou cun orzamento de 152.629,40 euros e recibiu unha subvención da Xunta de Galicia, a través de Agader, que cubriu o 100 % do importe subvencionable, cun límite máximo de 100.000 euros.

A intervención abrangueu a mellora das beirarrúas e da accesibilidade na Praza Maior, por ambas as marxes, ata a rúa Poeta Crecente Vega e a ponte sobre o río Azúmara. Tamén incluíu os accesos



á Praza da Igrexa e á rúa Amigos da Feira, así como a renovación do firme ata o tramo da Antiga Feira.

As obras permitiron adaptar as beirarrúas á normativa de accesibilidade, ampliar a súa anchura nos puntos onde foi posible e crear pasos peonís e itinerarios continuos para facilitar os desprazamentos polo núcleo. Tamén se renovou a sinalización horizontal e vertical, reorganizando a circulación dos vehículos para favorecer o calmado do tráfico e dar prioridade aos peóns. A actuación incluíu novos pasos de peóns na Praza Maior, melloras na sinalización das prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida e a creación dun itinerario peonil que atravesa a praza.

A estas medidas sumáronse a instalación de dous aparcadoiros para bicicletas, na Praza Maior e na rúa Amigos da Feira, a renovación do alumeado público, a reorganización dos puntos de recollida de lixo e a creación dunha zona axardinada na rúa Amigos da Feira. No caso dos residuos, estableceuse un único punto de recollida na contorna da Praza Maior, situado na marxe dereita e integrado no espazo para reducir o impacto visual.

Con esta intervención, o Concello completou a renovación do tramo urbano iniciada en anos anteriores e acondicionou unha parte do Conxunto Histórico, mellorando tanto a imaxe do núcleo como as condicións de accesibilidade e convivencia.

CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS

A terceira liña de actuación mira cara ao territorio agrario e á necesidade de contar con parcelas e infraestruturas que faciliten o traballo das explotacións. Neste ámbito, Castro de Rei ten en marcha diferentes procesos de reestruturación parcelaria, entre eles os de Viladonga e Triabá.

En Viladonga, engregáronse os boletíns das bases da reestruturación parcelaria aos titulares dos terreos, nun acto no que tamén estivo presente o alcalde, Francisco Balado. A entrega da documentación constitúe un trámite necesario para continuar co proceso e permitiu informar os propietarios sobre os datos das parcelas, os prazos e as cuestións que poden ser obxecto de recurso de alzada. Tamén se lles comunicou a aprobación das bases da reestruturación e do Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria (Popeva).

A parcelaria de Viladonga abrangue máis de 550 hectáreas e comprende 824 parcelas pertencentes a 143 propietarios. A reorganización busca avanzar cara a unha estrutura territorial máis ordenada e adaptada ás necesidades da actividade agraria.

En Triabá, pola súa banda, comezaron as obras para crear unha rede de 30 novos camiños na zona de concentración parcelaria. A actuación conta cun investimento superior aos 4,2 millóns de euros ata 2028, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, e inclúe tamén actuacións de drenaxe e obras de paso.

O proxecto contempla a apertura de máis de 27.600 metros de novos camiños, a execución de 13 canles e outras intervencións de drenaxe transversal, a limpeza e reapertura dunha canle actualmente desnaturalizada e a construción de balsas de decantación. A actuación beneficiará unha superficie de 1.163 hectáreas, na que se distribúen 3.144 parcelas pertencentes a algo máis de 550 propietarios.

Estas intervencións enmárcanse nos procesos de reestruturación parcelaria impulsados pola Xunta, que buscan reducir o minifundismo, incrementar o valor das terras, ampliar a base territorial das explotacións e contribuír a evitar o abandono dos terreos.

Estas actuacións amosan, desde diferentes perspectivas, unha mesma orientación: conservar os elementos que forman parte da identidade local e adaptar os núcleos e o territorio ás necesidades actuais. Unha aposta polo rural que combina patrimonio, servizos e actividade económica, coa finalidade de favorecer que as parroquias de Castro de Rei continúen sendo espazos vivos e con futuro.





Renovan 59 puntos de luz con tecnoloxía LED en Ponte de Outeiro e Bazar

A rede de iluminación pública de Ponte de Outeiro e Bazar conta con novos puntos de luz LED tras unha intervención impulsada polo Concello de Castro de Rei, que destinou 26.000 euros a modernizar o servizo nestas dúas parroquias.

Os traballos incluíron a substitución de 22 luminarias de sodio de 150 vatios por outras LED de 60 vatios en Ponte de Outeiro, así como a instalación de oito novos puntos de luz. En Bazar renováronse outras 29 luminarias, tamén de sodio de 150 vatios, que foron substituídas por modelos LED de 60 vatios.

As actuacións en Ponte de Outeiro concentráronse no barrio da Ponte, nas inmediacións da estrada autonómica LU-120. Pola súa banda, en Bazar os traballos realizáronse na estrada do barrio de Veiga da Acea e nos arredores da igrexa parroquial.

O proxecto contou cunha achega de 24.704,09 euros procedente do Fondo de Compensación Ambiental. O Concello valora esta colaboración como unha oportunidade para actualizar a infraestrutura existente e avanza que nos próximos exercicios continuará ampliando a rede de alumeado público en distintos puntos do municipio.

EN BREVE



EDUCACIÓN. O deputado Daniel García achegouse ao Muíño de Coea onde se desenvolveu unhas das propostas formativas do programa Da Escola á Granxa. Medio cento de alumnas e alumnos do CEIP Pedro Caselles Rollán participaron na actividade na que puideron coñecer o funcionamento do muíño e o proceso de moenda dos cereais, seguindo as explicacións de Óscar Miranda, unha das persoas responsables desta pequena produción.



CRUZ VERMELLA. O persoal do Centro de Parálise Cerebral e Dano Cerebral de Cruz Vermella en Castro Ribeiras de Lea desprazouse ao HULA con motivo do Día Mundial do Ictus para desenvolver unha acción de sensibilización dirixida a achegar á cidadanía a realidade das persoas que sufriron este accidente cerebrovascular e as consecuencias que pode ter.

Apoio da Xunta para modernizar a potabilizadora de Quintela

A Xunta de Galicia e o Concello de Castro de Rei financiarán con 1,35 millóns de euros a modernización da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Quintela, tal e como establece o convenio de colaboración asinado hoxe entre a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e o alcalde do municipio, Francisco Balado.



Segundo dixo a conselleira, esta actuación ten como obxectivo garantir a máxima calidade posible da auga potable solventando as limitacións das instalacións actuais, que contan xa cunha antigüidade de 20 anos. De feito, a previsión é que con esta mellora se poida dar servizo a unha poboación estimada de 6.575 habitantes no ano horizonte 2049.

Nese senso, Ángeles Vázquez incidiu en que con esta modernización Xunta e Concello blindan o servizo de abastecemento de auga tanto para os fogares, como para o sector gandeiro e industrial do municipio, que xeran emprego, riqueza e contribúen a fixar poboación no rural.

Máis polo miúdo, as obras, que son financiadas nun 80% pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia e nun 20% polo Concello, suporán unha renovación tecnolóxica integral da planta potabilizadora. Así, incorporaranse novos sistemas de filtrado de vangarda, altamente eficaces, que reteñen calquera impureza ou exceso de minerais naturais da auga. Tamén se instalarán sistemas de contralavado dos filtros, e servizos auxiliares de instrumentación, así como un novo cadro eléctrico para controlar e automatizar os filtros e os equipos de lavado.

A conselleira indicou que cando conclúan estes traballos, que son cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a veciñanza de castro de rei contará coa garantía de que auga que consome ten a máxima pureza e supera con amplitude os controis de calidade máis estritos da normativa actual.

Así mesmo, a responsable autonómica destacou que con este tipo de convenios a Xunta continúa apostando por brindar o seu apoio e colaboración aos concellos na execución de infraestruturas hidráulicas, contribuíndo a mellorar a calidade de vida da veciñanza, a protexer o medio ambiente e a garantir servizos públicos esenciais como é o abastecemento, aínda que se trate de competencias municipais.

O Consello da Cultura Galega afonda no legado de Margarita Ledo

O Consello da Cultura Galega (CCG) dedicou unha xornada a revisar e poñer en valor a traxectoria de Margarita Ledo Andión, unha das figuras destacadas do xornalismo, a literatura, o cinema e o pensamento galego. Baixo o título *O punto de vista involucrado*, o encontro, organizado polo Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF), reuniu diferentes especialistas que analizaron as múltiples dimensións dunha vida marcada pola defensa da lingua, a memoria e o compromiso político.

Na entrevista realizada por Mar Mato, Ledo resumiu o fío condutor da súa traxectoria: "Todo é unha cuestión de toma de posición e co que fas contribúes a que se amplíen os espazos de emancipación". A autora reivindicou tamén o valor de vivir ese compromiso con entusiasmo: "E é cuestión de divertirte máis con isto que con calquera outra cousa".

Durante a conversa repasou a súa memoria familiar e os primeiros pasos no compromiso político, así como a influencia da súa nai e do seu pai. Lembrou especialmente o impacto que lle causou escoitar a Uxío Novoneyra recitar o poema *Vietnam canto na Coruña*, e a súa relación coa UPG, a etapa de clandestinidade e a posterior marcha a Portugal.

Ofrecerán unha formación gratuíta en primeiros auxilios

Castro de Rei acollerá o 26 de novembro unha formación gratuíta en primeiros auxilios dirixida á cidadanía, co obxectivo de ensinar como actuar ante diferentes situacións de emerxencia e adquirir coñecementos básicos para axudar a salvar vidas. A actividade terá lugar no Teleclub de Castro de Rei, entre as 16.30 e as 20.00 horas, e será impartida por Marta Fdez. López, enfermeira do 061 de Lugo.

As persoas interesadas deberán reservar a súa praza antes do 20 de novembro. A inscrición pode realizarse a través da web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, no correo electrónico prevenciondrogas@rabade.org, chamando ao teléfono 982 390 062 (María Barreiro) ou mediante este formulario.







Os Valuros, máis de tres décadas de música e baile tradicional

A asociación cultural, nacida en 1992 cun grupo de oito nenos e nenas do colexio Ramón Falcón, conta hoxe con 42 integrantes e leva a cultura galega por festas, romarías de dentro e fóra de Galicia

A música e o baile tradicional forman parte da identidade de Galicia e, para que sigan vivos, é fundamental o traballo das asociacións culturais que transmiten este patrimonio de xeración en xeración. En Castro de Rei, na comarca da Terra Chá, a asociación Os Valuros leva máis de tres décadas dedicada a esta tarefa, combinando a formación musical, as actuacións e a convivencia entre persoas de diferentes idades. Un proxecto que naceu de maneira modesta e que, co paso dos anos, conseguiu converterse nunha referencia cultural na súa contorna.



A historia da entidade comezou en 1992, cando un grupo de oito nenos e nenas do colexio Ramón Falcón decidiu poñer en marcha unha iniciativa para amenizar as festas escolares. O que inicialmente era unha actividade vinculada ao centro educativo medrou rapidamente e comezou a recibir invitacións para participar en todo tipo de celebracións. Naquel momento non había ningún grupo destas características na zona, polo que a demanda levou a asociación a dar un paso máis: contratar un profesor de música e crear unha escola propia.

A iniciativa, a piques de cumprir os 35 anos, espertou o interese de numerosas familias e o crecemento foi notable chegando a reunir arredor de 60 integrantes. Ben é certo que, ao longo dos anos tamén houbo etapas de maior e menor actividade, marcadas polos cambios vitais dos máis novos. Na actualidade, Os Valuros están formados por 42 persoas de idades moi diversas, desde os cinco ata os 75 anos.

Manter unha asociación cultural durante máis de tres décadas require compromiso, traballo e capacidade para adaptarse aos novos tempos. No caso de Os Valuros, a continuidade explícase, en boa medida, pola implicación das persoas que acompañan o proxecto desde os seus comezos e pola incorporación constante de novos membros.

Ana Cantó, integrante da directiva, destaca que a clave está en conservar o entusiasmo inicial. “Os que levamos os 35 anos seguimos coa mesma ilusión que o primeiro día”, explica. Entre as persoas que continúan vinculadas á entidade desde aquela primeira etapa están ela mesma e o seu fillo, Fran Cupeiro, que cursou estudos superiores de música e exerce como profesor do grupo.

A combinación de experiencia e renovación permite que a asociación siga avanzando. “Todos os anos entra xente nova e, entre os novos e os vellos, imos tirando”, sinala Cantó.

A entidade mantén, ademais, unha filosofía aberta e integradora. Non importa a idade nin é necesario contar con experiencia previa: o importante é ter interese por aprender, participar e gozar da actividade. “No noso grupo teñen cabida todos; non importa a idade, só hai que ter ganas, que che guste aprender a tocar e bailar e pasalo ben”, resume a integrante da directiva.

CHEGANDO A TODA GALICIA

Ao longo da súa traxectoria, a agrupación percorreu numerosos lugares das catro provincias galegas e tamén levou a súa música e os seus bailes a outros puntos da península, como Barcelona, Madrid e Cantabria. A súa presenza chegou mesmo a escenarios internacionais, con viaxes a París, á Bretaña francesa e a Portugal.

Con todo, é na súa propia terra onde a asociación sente unha especial conexión co público. A participación en festas, romarías, xantares veciñais e celebracións de todo tipo converteuse nunha parte esencial da súa actividade. “Estamos moi orgullosos de poder dicir que somos profetas na nosa terra”, afirma Ana Cantó, que destaca a presenza habitual do grupo nos eventos da contorna.

A asociación combina as actuacións cunha actividade formativa centrada na música e no baile tradicional. Pero o traballo non se limita ás actuacións habituais. Ao longo do ano, Os Valuros participan tamén en festivais e organizan saídas e excursións para favorecer a convivencia entre os integrantes. Un exemplo recente foi a viaxe a Madrid para visitar o parque Warner.

A súa traxectoria inclúe, ademais, a publicación dun disco con motivo do 25 aniversario, titulado *Valurias*. Este traballo supuxo unha maneira de conmemorar os anos de actividade e deixar constancia do labor musical desenvolvido pola agrupación.

Xunto á formación e á difusión cultural, Os Valuros manteñen unha actividade solidaria que os leva a colaborar con diferentes entidades e colectivos da contorna. A asociación realiza ao longo do ano actuacións benéficas en residencias da zona e en Fudace, entre outros lugares.

Segundo explica Ana Cantó, o grupo participa neste tipo de iniciativas en numerosas ocasións, cunha media aproximada de 25 actuacións anuais de carácter benéfico ou social, ademais das restantes actividades e compromisos musicais.

Para esta frenética actividade, Os Valuros contan con subvencións do Concello e da Deputación destinadas, entre outros fins, á adquisición de equipamento, como gaitas, instrumentos de percusión e equipos de son. A entidade tamén destaca a importancia do programa Tradigalu da Deputación, que contribúe á súa sustentabilidade ao facilitar a participación en actuacións remuneradas.

Para a asociación, este respaldo non só beneficia a un grupo concreto, senón que contribúe á conservación e transmisión dun patrimonio cultural compartido.

CONECTADOS COA TERRA CHÁ

O nome da asociación remite tamén á tradición cultural e lendaria da comarca. Os baluros ou valuros aparecen na tradición popular galega como unha comunidade de orixe precristiá vinculada á Balura ou Baluria, na Terra Chá. As referencias sitúan este territorio nunha área que abrangue lugares de concellos como Castro de Rei e Cospeito.

Segundo estas tradicións, os valuros estaban relacionados con relatos lendarios sobre a antiga cidade de Veria, que tería quedado asolagada baixo a lagoa de Cospeito. Estas narracións forman parte do imaxinario popular da comarca e contribúen á riqueza cultural dun territorio no que a tradición oral, as festas e a música seguen a desempeñar un papel destacado.

Cantó tamén chama a atención sobre o papel das familias á hora de achegar os máis novos a estas actividades. “É moi necesaria a implicación das distintas administracións coa nosa cultura, e tamén a dos pais e nais, que son quen teñen o poder de decidir o que queren para o futuro dos seus fillos e fillas”, apunta.



meira

A Festa da Xuventude e a Verbena d'Antes entran na axenda do mes

O sábado 7 de novembro, Meira acollerá a celebración da terceira edición da Festa da Xuventude, que terá lugar na Campa do Plantío.

O programa arrinca ás 14.00 horas cunha sesión vermú protagonizada polo dúo Belinda. A continuación, ás 15.30 horas, está programado o xantar colectivo con callos, churrasco de porco, sobremesa e café.

O tardeo correrá a cargo de DJ Cosme, xunto á charanga Soltra e o dúo Belinda. Para rematar, ás 22.00 horas arrincará a verbena coa actuación de DJ Cosme e La Banda de Ayer, ademais de repartir liscos gratis para todos. O xantar conta cun prezo de 25 euros e os tickets poden recollerse en diferentes puntos da localidade, no Mesón Parrillada O Pozo, na Tapería Arquiñano, Panadería Muriato e na Librería A Praza.

A organización conta cunha carpa, coches eléctricos e food trucks para gozar dun ambiente pensado para a xuventude e tamén para calquera veciño que queira participar.

Ademais, a Praza Maior será sede o vindeiro sábado 28 de novembro da Verbena Galega d'Antes en tempos de Avelino Díaz, unha iniciativa que busca recuperar o ambiente das celebracións populares de antano e render homenaxe á memoria do escritor e poeta meirego Avelino Díaz.

O evento está organizado pola Asociación Cultural Avelino Díaz, en colaboración co Concello de Meira e coa área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que apoian esta iniciativa destinada a recuperar as tradicións e achegalas ás novas xeracións.

A actividade comezará ás 19.00 horas e terá lugar na Praza maior da localidade, a cal convertirase nun punto de encontro para todas aquelas persoas que queiran gozar dunha tarde diferente, marcada pola música, a tradición e a lembranza das festas galegas de antano.

PIANOS NA RÚA



A Praza do Concello converteuse nun escenario musical ao aire libre coa participación do alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato do IES Pedregal de Irimia na iniciativa 'Pianos na rúa', unha proposta que achega a música á cidadanía e permite a calquera persoa tocar libremente un piano de cola nun espazo público.

Rematan as obras de renovación e adaptación da oficina rural

A oficina rural de Meira conta con instalacións renovadas tras a finalización das obras de reforma e adaptación impulsadas pola Xunta, que permitiron habilitar arredor de 700 metros cadrados de superficie e concentrar nun mesmo espazo os servizos agrarios, veterinarios, administrativos e forestais. En total, arredor dunha trintena de persoas traballan nestas instalacións, que reúnen distintos servizos de atención e apoio ao sector primario e forestal.

As actuacións realizadas permitiron rehabilitar e unir varios inmobles situados no baixo no que se atopa a oficina. Segundo explicou Gómez, o obxectivo é mellorar tanto a atención que se presta á cidadanía como as condicións dos profesionais que desenvolven alí o seu traballo.



A sede tamén alberga as dependencias do Distrito Forestal e a Base de Unidades Operativas (BUO) para o persoal de loita contra os incendios. A integración destes servizos nun mesmo espazo facilita as xestións e evita desprazamentos innecesarios aos usuarios. Ademais, contribúe a mellorar as condicións de traballo e descanso dos profesionais que prestan servizo nesta contorna.

Galicia dispón dunha rede de 69 oficinas rurais repartidas por todo o territorio, desde as que se ofrece un servizo fundamental para as persoas que viven e traballan no rural.

O SLG organiza unha xornada gratuíta sobre dixitalización

O Sindicato Labrego Galego organizará o martes 17 de novembro unha xornada formativa gratuíta en Meira centrada na dixitalización agraria e nas novas obrigas que deberán cumprir as explotacións agrícolas a partir do 1 de xaneiro de 2027.

A actividade terá lugar na Casa da Cultura de Meira e desenvolverase en horario de mañá, de 11.00 a 14.00 horas, e de tarde, de 15.30 a 18.30 horas. A formación será impartida por Andrés Castro e estará dirixida a persoas traballadoras, autónomas e desempregadas interesadas en coñecer as novidades relacionadas coa xestión dixital das explotacións agrarias.

Durante a xornada abordaranse cuestións como os cadernos de fitosanitarios, a a e os plans de abonado, facendo fincapé nos requisitos e nas obrigas que entrarán en vigor a partir de xaneiro de 2027.



begonte

Convocado de novo o Mercado de Nadal

Debido ao éxito das anteriores edicións, o Concello de Begonte anunciou que está a preparar por sexto ano consecutivo o mercado de nadal que se celebrará os días 19 e 20 de decembro, de 12.00 a 21.00 horas, nas inmediacións do concello.

Como sempre abrirá un tempo para que os interesados en participar como vendedores poden solicitar o seu posto no Concello. Búscanse expositores de artesanía, alimentación, ocio, decoración, atraccións, etc, que terán a súa estadía gratuíta.

A intención do Concello é preparar para eses días de mercado unha morea de actividades para nenos e adultos. Os interesados en inscribirse ou informarse poden facelo no Concello a través do teléfono 619 455 026 ou na dirección de correo cultura@concellodebegonte.es antes do 4 de decembro.

O Concello repite nesta convocatoria despois do éxito acadado nas edicións anteriores, xa que contou con numeroso público e postos.

Castiñeiro Milenario remata o seu ciclo de teatro profesional

Begonte continúa a ser este outono un punto de encontro para os amantes das artes escénicas coa celebración da décima edición do Ciclo de Teatro, unha programación que reúne tres propostas diferentes, dirixidas a públicos diversos e con representacións entre os meses de setembro e decembro. Está organizada polo Castiñeiro Milenario en colaboración co Concello e a Deputación.

A terceira e última proposta chegará o sábado 12 de decembro, ás 19.00 horas, tamén na Casa da Cultura de Begonte, con *Improcondria*, de Improdutivas. Esta asociación cultural e compañía de improvisación teatral, con sede en Lugo e fundada a comezos de 2025, define a súa maneira de facer teatro como o «jazz do teatro», ao apostar por espectáculos sen guión nos que a interacción co público desempeña un papel fundamental.

Improcondria é un espectáculo de improvisación para todos os públicos, cunha duración aproximada de entre 40 e 60 minutos. A proposta constrúese integramente en directo a partir de xogos e das achegas dos espectadores.

Remata a renovación do alumeado público con tecnoloxía LED

O Concello de Abadín vén de rematar as obras de renovación das luminarias do alumeado público mediante a instalación de tecnoloxía LED, unha actuación destinada a mellorar a eficiencia enerxética, reducir o consumo eléctrico e modernizar as infraestruturas municipais.

Os traballos desenvolvéronse en distintos puntos do municipio, concretamente na rúa Camiño Real, na estrada de Fanoi, na praza do Campo da Feira, na rúa Calvo Sotelo, na avenida de Galicia, na urbanización das Pedreiras, na rúa Real e na rúa da Fonte. As intervencións tamén chegaron á praza de Gontán, á praza do Campo da Feira desta localidade e á estrada que comunica Labrada con Gontán.

A actuación contou cun orzamento de 77.688,05 euros e foi financiada a través do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia. A empresa Instalaciones Valdés foi a encargada de executar os traballos.

A substitución das antigas luminarias por outras de tecnoloxía LED permitirá reducir o gasto enerxético e os custos asociados ao servizo, ao tempo que contribuirá a unha xestión máis eficiente e sostible dos recursos públicos.

Con esta intervención, o Concello busca modernizar as infraestruturas municipais, mellorar a iluminación das rúas e dos espazos públicos e avanzar cara a un modelo de municipio máis sostible, cun uso máis eficiente dos recursos públicos.

CAMINOS RURAIS. O Concello vén de iniciar os traballos de acondicionamento de varios camiños municipais que dan acceso a diferentes núcleos de poboación, co propósito de mellorar as comunicacións e facilitar os desprazamentos da veciñanza.

As actuacións abranguen vías situadas nas zonas do Valado, Zonán, As Veiguiñas, Os Tarraxís, A Choqueira, Chao do Covo, Carballal e Tezán. A intervención permitirá mellorar o estado destas infraestruturas e favorecer unhas condicións de circulación máis seguras e cómodas para as persoas residentes.

A renovación dos camiños tamén busca facilitar o acceso ás explotacións gandeiras e ás propiedades rurais, contribuíndo así ao desenvolvemento da actividade no territorio e ao mantemento dos servizos no rural.

Os traballos contan co financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), no marco do Plan de Camiños Rurais 2026.

RESIDENCIA. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a solicitude presentada polo Concello de Abadín para modificar o proxecto de investimento incluído no Plan Deputación 2026 e destinar 15.040,35 euros á mellora da contorna da Residencia de Maiores de Abadín.

O investimento será financiado integramente pola Deputación de Lugo, sen achega municipal, e incluirá tamén os honorarios técnicos. A actuación permitirá continuar coa mellora dun espazo especialmente vinculado ás persoas maiores usuarias das instalacións.

EN BREVE



ESTRADAS. A estrada provincial LU-P-0108, que comunica os núcleos de Fosas e Canteirada, xa conta cun firme renovado e nova sinalización viaria tras rematar as obras de mellora impulsadas pola Deputación de Lugo, cun investimento superior aos 300.000 euros.



RESIDENCIA. O Concello adquiriu unha nova retroescavadora para reforzar os medios da maquinaria municipal e mellorar os traballos de mantemento e conservación das infraestruturas e dos servizos públicos do municipio. A adquisición supuxo un investimento de 123.420 euros.



ACCESOS. Continúan as actuacións destinadas á mellora das infraestruturas municipais, neste caso cos traballos nos accesos ao local social de San Xoán de Vilarente. A intervención inclúe tarefas de limpeza, acondicionamento e pavimentación da zona, co obxectivo de facilitar o acceso ás instalacións e mellorar as condicións deste espazo de uso veciñal.



Abadín celebra o sábado 7 a Feira de Santos cun concurso de gando

O sábado 7 terá lugar a Feira de Santos de Gontán-Abadín, que incluirá un concurso de gando con diferentes categorías e premios económicos para os participantes.

A xornada comezará ás 12.00 horas coa inscrición dos participantes, mentres que a entrega de premios está prevista para as 14.00 horas.

O concurso repartirá premios de 100 euros ao mellor exemplar equino, ao mellor exemplar bovino, á mellor cría equina e á mellor cría bovina. Tamén se recoñecerá con 100 euros o participante que achegue o maior número de exemplares equinos e o que presente o maior número de exemplares bovinos.

Ademais, haberá un premio de 100 euros para o mellor exemplar equino de silla.

Non faltarán os postos de comida de polbo e churrasco e os expositores de diversos feirantes e artesanía.

A iniciativa, organizada polo Concello de Abadín, busca promover a actividade gandeira e dar continuidade a unha cita tradicional do municipio, que reúne participantes arredor do sector equino e bovino.





riotorto

Convocan a Festa das Xeracións e actividades na honra a Avelino Díaz

Riotorto celebrará o sábado 7 de novembro a Festa das Xeracións, unha xornada pensada para reunir a veciñanza arredor da gastronomía, a música e a convivencia. As actividades desenvolveranse no pavillón polideportivo.

O programa comezará ás 13.30 horas coa sesión vermú e o tardeo, amenizados por Bombardero. A organización anima a participar tanto de maneira individual como en grupo, ofrecendo a posibilidade de acudir con amizades, compañeiros de traballo ou parella.

Ás 15.00 horas terá lugar o xantar, cun menú composto por croquetas, arroz caldoso, tenreira guisada, sobremesa, bebida, café e licores. O prezo será de 35 euros por persoa, mentres que para os nenos e nenas de 3 a 12 anos será de 15 euros. O servizo correrá a cargo de Catering O Sarredo.

A programación tamén contará con inchables gratuítos para os máis pequenos, co obxectivo de que a xornada estea aberta a participantes de todas as idades.

A celebración está organizada pola Comisión de Festas.

ALMA DE GRITO. A Casa da Cultura Avelino Díaz acollerá o sábado 21, ás 16.30 horas, a presentación teatralizada do libro *Alma de grito*, unha proposta cultural que combinará literatura, interpretación escénica e música en directo.

A obra está escrita e protagonizada pola autora e actriz María García, que estará acompañada pola música de Icía Saavedra. A composición musical corre a cargo de Vadim Yukhnievich, mentres que J. Campanari se encarga do asesoramento artístico. A produción corre por conta de Ítaca Teatro.

A cita enmárcase, ademais, na programación conmemorativa do 129 aniversario do nacemento de Avelino Díaz.

Ultiman a mellora de camiños de accesos a varios núcleos do rural



O Concello rematou as obras de mellora dos camiños de acceso aos núcleos de poboación de Salgados e Vila de Rei, na parroquia de Aldurfe, co obxectivo de garantir unhas mellores condicións de accesibilidade e comunicación nestas zonas rurais.

Os traballos centráronse na renovación do firme de ambas as vías, que presentaban un importante desgaste e diferentes deficiencias que dificultaban a circulación. No acceso a Salgados, a capa de rodadura de macadam bituminoso atopábase moi deteriorada e presentaba fisuras, mentres que no camiño de Vila de Rei o firme de rega asfáltica tiña fochancas e deformacións.

As actuacións tamén incluíron melloras na drenaxe superficial, especialmente necesarias no acceso a Salgados, onde as cunetas presentaban abundante vexetación que dificultaba a evacuación da auga. Ademais, instaláronse sinais de Stop nos entronques de ambos os camiños con outras vías municipais para reforzar a seguridade viaria.

No caso de Salgados, a intervención realizouse nun ámbito no que se atopan dous cabazos catalogados e protexidos polo seu valor patrimonial, segundo recolle o catálogo do Plan Básico Autonómico.

O investimento total ascendeu a 29.382,67 euros, IVE incluído. A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia financiou o importe correspondente ao orzamento base de licitación sen IVE, mentres que o imposto foi asumido polo Concello de Riotorto.

Tamén están a piques de rematar as obras de mellora do camiño rural que dá acceso ao núcleo de Veiga de Galegos desde a estrada provincial LU-P-5505. A intervención busca mellorar as condicións de circulación e accesibilidade desta zona de alta montaña, así como contribuír ao mantemento da poboación e da actividade económica vinculada ao sector primario.

A vía presentaba unha plataforma de terra con deformacións lonxitudinais e transversais provocadas polo paso habitual de vehículos e pola acción das augas de escorrentía.

O Concello organiza unha excursión a Gijón e Oviedo o 12 e 13 de decembro

O Concello de Riotorto organiza unha excursión a Gijón e Oviedo para os días 12 e 13 de decembro. A saída está prevista para as 7.30 horas desde a gasolineira.

A viaxe comezará o sábado 12 cun almorzo durante o traxecto ata Asturias. A primeira parada será no Museo da Minería e da Industria, situado no Entrego, onde os participantes poderán coñecer máis de preto a historia mineira. A continuación, o grupo xantará nun restaurante da zona e, pola tarde, desprazarase a Oviedo para realizar unha visita.

A xornada rematará cunha cea prevista para as 21.00 horas e o aloxamento no hotel.

O domingo 13, visitarán Gijón e xantarán nun restaurante local. Pola tarde, o programa inclúe unha visita á Universidade Laboral, un dos edificios máis emblemáticos da cidade. O regreso a Riotorto completarase cunha cea nun restaurante durante o traxecto de volta.

O prezo da excursión é de 150 euros por persoa e inclúe todos os servizos previstos no programa. As prazas están limitadas a un máximo de 50 participantes e o prazo remata o 30 de novembro.

muras

A Feira do Mel de Montaña volve o día 21 con cata e obradoiros



Muras volverá reivindicar a calidade e o valor do seu mel coa celebración da XI Feira do Mel de Montaña, unha cita que reunirá o 21 de novembro produto local, gastronomía, música e actividades para diferentes idades. A organización concentra nesta ocasión toda a programación nunha única xornada, coa intención de optimizar os custos e facilitar o desenvolvemento das propostas.

A actividade comezará pola mañá coa cata de mel, unha oportunidade para coñecer e degustar as características deste produto tan ligado ao territorio. A continuación, abrirá a feira, que ao longo do día ofrecerá diferentes propostas arredor do mel e da gastronomía local.

Entre as actividades previstas figura un espectáculo de cociña en directo (show cooking) para adultos, no que se elaborarán distintos pratos incorporando o mel ou algún ingrediente relacionado con este produto. A programación incluirá tamén unha proposta específica de cociña para o público infantil, pensada para que os máis pequenos poidan participar e gozar dunha actividade propia durante a xornada.

A música terá igualmente un papel destacado na celebración. A Banda de Música de Vilalba acompañará o encontro ao longo do día, mentres que a programación rematará cunha foliada, que poñerá o punto final á feira cun ambiente festivo e participativo.

A cita permitirá, ademais, degustar o mel de montaña producido no municipio, así como gozar dunha xornada na que a gastronomía e a cultura popular se unen para poñer en valor un dos produtos máis representativos de Muras. As persoas asistentes poderán achegarse á feira para coñecer mellor este produto, probar diferentes elaboracións e compartir as actividades programadas.

O cartel anunciador foi elaborado a partir dos debuxos realizados polos nenos e nenas do colexio de Muras. A iniciativa incorpora así o alumnado á propia celebración e recoñece a súa implicación nesta cita para todas as idades.

O Concello habilitará un cargador para a venda de poldros o 12 de decembro

O Concello de Muras habilitará o vindeiro sábado 12 de decembro, en horario de mañá, un cargador no recinto habitual da Feira do Poldro, na Gañidoira, para facilitar a venda de animais destinados á recría.

A iniciativa enmárcase nas actividades do programa municipal da Marca Muras e conta coa colaboración da Asociación de Criadores de Gando Equino ACGEMA, que participará na organización desta actividade dirixida aos veciños interesados na venda de poldros para recría.

Segundo recolle o bando municipal, todos os animais deberán estar debidamente identificados e contar coa documentación regulamentaria para poder participar na operación.

O Concello, presidido polo alcalde Manuel Requeijo Arnejo, fai pública esta convocatoria para xeral coñecemento das persoas interesadas.

Para resolver dúbidas ou evitar posibles problemas loxísticos, a organización facilita o teléfono de contacto 629 678 033.

pastoriza

Culmina a renovación da cuberta da escola unitaria de Reigosa

A antiga escola unitaria de Reigosa, no municipio de A Pastoriza, xa conta coa súa cuberta renovada tras a finalización das obras de rehabilitación. A actuación centrouse na renovación da cuberta de lousa do inmoble e contou cun financiamento maioritariamente achegado pola Xunta de Galicia.

En concreto, a administración autonómica destinou 34.383,30 euros aos traballos, mentres que o Concello de A Pastoriza asumiu unha achega de 1.809,64 euros. O investimento total ascendeu así a 36.192,94 euros.

A intervención permitiu actuar sobre un elemento fundamental para garantir a conservación do edificio, especialmente nun inmoble destas características, exposto durante anos ás condicións meteorolóxicas e que forma parte do patrimonio construído da parroquia de Reigosa.

A renovación da cuberta busca mellorar a protección do edificio fronte á humidade e ás filtracións e contribuír a prolongar a súa vida útil, evitando que o deterioro da cuberta poida afectar ao resto da estrutura.

Desde o municipio destacan o apoio da Xunta de Galicia para poder executar unha actuación que permitiu mellorar o estado de conservación da antiga escola unitaria.



COLECTORES. O Concello está a ampliar o número de colectores amarelos en diferentes puntos do municipio co obxectivo de mellorar a reciclaxe e facilitar á veciñanza a separación dos residuos.

Segundo informa o Concello, esta medida permitirá aumentar os puntos de recollida de envases lixeiros e favorecer a colaboración cidadá na correcta xestión dos refugallos.

O goberno municipal lembra que nos colectores amarelos só se deben depositar envases de plástico, latas e briks. Así mesmo, agradece a colaboración da veciñanza e anima a continuar separando os residuos para reciclar a maior cantidade posible.

MAPA INTERACTIVO. Pastoriza conta xa cun novo mapa interactivo do municipio en todos os colexios, co obxectivo de que os nenos e nenas coñezan mellor o territorio no que viven.

Este recurso ilustrado incorpora un código QR para facilitar que os máis pequenos descubran as distintas aldeas, ríos e camiños de Pastoriza dun xeito didáctico e entretido.

O mapa tamén se pode consultar a través da nova web municipal, na sección de turismo virtual.

EN BREVE

CASTAÑOLO. A Comisión de Festas 2027 de Bretoña organiza o sábado 14 de novembro unha nova edición da Festa do Castañolo a partir das 19.00 horas no Teleclub. A celebración contará con castañas, liscada e empanadas, ademais de servizo de bar e músic.a.

MEMORIA. Comeza un novo curso de Memoria Activa, una actividade, de carácter gratuíto que busca fomentar un envellecemento saudable a través de obradoiros dinamicos. As sesións impartiranse en diferentes puntos e parroquias para facilitar a asistencia de todos os interesados.

PLÁSTICOS. Ponse en marcha de novo a recollida de plásticos de silos porta a porta entre os días 9 e 13 de novembro. Os usuarios que estean interesados deberán poñerse en contacto co teléfono 982 332 197.

WORKOUT. A Asociación de Mulleres Rurais de Pastoriza promove durante o mes de novembro unha actividade de Workout Dance, con sesións os martes e xoves en horario de 21.00 a 22.00 horas.

O PSOE critica o volume de orzamento reservado para investimentos

O PSOE cuestionou no pleno as prioridades do orzamento municipal para 2027, que ascende a 3,85 millóns de euros. Segundo os datos expostos pola formación, as contas destinan o 5 % aos investimentos reais, fronte ao 72,32 % que representa o gasto corrente.

A voceira, Montserrat Casanova, considera que esta distribución limita a capacidade do Concello para impulsar novas obras e modernizar os servizos e as infraestruturas. "Unha vez máis, as contas supoñen unha renuncia ao futuro de Pastoriza", afirmou, ao defender que o seu grupo non pode apoiar un documento que, ao seu xuízo, frea o desenvolvemento do municipio.

A crítica á planificación económica do goberno do PP estendeuse tamén ao suplemento de crédito de 500.000 euros con cargo aos remanentes municipais. O PSdeG apoia os fondos destinados á reparación de camiños e á estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Bretoña, pero cuestiona que sexa necesario recorrer a esta modificación poucos meses despois da aprobación do orzamento, que non saíu adiante ata finais de marzo.

Casanova considera que esta situación evidencia dificultades para anticipar as necesidades e reprocha ao executivo local que recorra a modificacións orzamentarias para atender actuacións que "deberían estar previstas con anterioridade".

O contrato de limpeza dos edificios municipais foi outro dos asuntos cuestionados polo grupo. A voceira preguntou se o goberno local estudara ofertas ou alternativas antes de decidir a prórroga do servizo e criticou que, segundo a súa valoración, non se analizasen outras posibilidades de prestación.

JRoca
INMOBILIARIA
ROCA & PRADO ABOGADOS

C/ Abadín, Villalba
Casa | 7 Dorm | 3 Baño | 330 m² 290.000 €
Distribución en bajo y dos plantas, cuenta con un total de 7 amplios dormitorios y 3 baños. Construida en 1986 y en excelente estado, está totalmente acondicionada y lista para entrar a vivir. Dispone de garaje con capacidad para tres vehículos. Terreno de 290 m² en la parte trasera. Ubicada en el corazón de Vilalba, acceso fácil a todos los servicios necesarios. Orientación sur, calefacción.

C/ Plácido Peña, Villalba
Dúplex | 6 Dorm | 5 Baño | 450 m² 225.000 €
Céntrico y muy amplio, distribuido en dos plantas. En la primera la cocina, con una amplia despensa, sala, dos habitaciones y dos baños y en la segunda una sala de juegos, la lavandería, cuatro habitaciones y tres baños. Se vende con un trastero y una plaza de garaje. Posibilidad de que se venda una segunda plaza de garaje.

Rioaveso, Villalba
Casa | 3 Dorm | 0 Baños | 213 m² 100.000 €
Vivienda unifamiliar, a reformar. Superficie de 213 m² construidos repartidos en dos plantas. Parcela de algo más de 8000 m². En la finca hay otra construcción de usos agrarios de 107 m² y un hórreo.

Santa Cristina, Cospeito
Casa | 4 Dorm | 2 Baño | 1680 m² 50.000 €
Para restaurar, con dos plantas de 84 m² cada una. En la planta baja hay un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta hay tres dormitorios con un cuarto de baño y un pequeño hall. En la parte derecha de la casa hay un anexo destinado a cuadras y en la izquierda un horno y garaje con tejado nuevo. Frente a la casa hay otra parcela donde está el pozo de agua.

As Campelas, Villalba
Casa | 4 Dorm | 1 Baño | 485 m² 100.000 €
Vivienda unifamiliar a reformar. La planta baja tiene una superficie de 300 m², de los que 160 están destinados a almacén y 130 a garaje. En planta alta hay una vivienda de 136 m² y un bajo cubierta de 47 m². Parcela de más de 3.000 m². de la que se puede segregar una parte para hacer otra vivienda. Tanto el piso como el bajo cubierta y el tejado tienen placa de hormigón.

O Picoucelo, Xermade
Casa | 3 Dorm | 1 Baño | 180 m² 69.000 €
En la parroquia de Candamil, casa con fachada en piedra, a reformar. Dispone de garaje y varios alpendres alrededor de la misma, agua municipal. Parcela de unos 7700 m². de la cual se podria segregar una parte para hacer otra vivienda, al estar en núcleo rural.

Galicia, De, Villalba
Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baño | 267 m² 240.000 €
Frente a los Juzgados, vivienda de unos 200 m², con terreno a la espalda de unos 140 m². Planta baja con local totalmente acondicionado como bar-cafetería que en la actualidad está alquilado. En la planta superior hay tres habitaciones, cocina equipada, sala y un amplio comedor. Calefaccion de gas ciudad y ascensor. Bajo cubierta de 53 m².

C/ Bispo Rouco Varela, Villalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baño | 120 m² 95.000 €
Cerca de la zona escolar, piso primero, sin ascensor, de cuatro dormitorios, sala, baño, aseo, cocina, terraza y un trastero en el desván. Se vende completamente amueblado. También se vende con el piso el bajo del edificio de 117 m², destinado a garajes, por 60.000 euros más.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

GASTRONOMÍA E CULTURA

A axenda de Guitiriz combina tradición e innovación

As propostas de lecer e as citas deportivas consolidadas conviven con iniciativas novidosas que reforzan a participación veciñal



Guitiriz mantén ao longo do ano unha intensa actividade cultural, festiva e deportiva cunha programación municipal que combina celebracións de fonda tradición con propostas innovadoras e iniciativas pensadas para públicos de todas as idades. O Concello aposta por unha oferta diversa e continua, na que teñen cabida tanto as festas que forman parte da identidade da vila como novas experiencias vinculadas á divulgación, á convivencia interxeracional e ao lecer familiar.

Esta combinación permite manter vivas as tradicións locais e, ao mesmo tempo, incorporar actividades que responden aos novos intereses da veciñanza e das persoas que visitan o municipio.

A programación abrangue desde citas gastronómicas e feiras artesanais ata concertos, propostas infantís, encontros deportivos e iniciativas que aproveitan acontecementos excepcionais para crear novas experiencias colectivas.

O conxunto destas iniciativas amosa unha programación municipal que procura manter a actividade en Guitiriz ao longo de todo o ano e que vai máis alá das celebracións puntuais. As festas gastronómicas e artesanais, os concertos, as propostas de divulgación científica, os proxectos interxeracionais, as actividades infantís e as competicións deportivas conforman unha oferta ampla e diversa.

A combinación de citas con longa traxectoria e novas propostas permite conservar a identidade cultural do municipio e, ao mesmo tempo, abrir espazos a outras formas de participación e convivencia. Desde a posta en valor da gastronomía e dos oficios tradicionais ata a incorporación da tecnoloxía ou a celebración dun fenómeno astronómico, Guitiriz aposta por unha programación que conecta patrimonio, cultura, deporte e lecer.

Un dinamismo que se reflicte tamén na capacidade de convocatoria das diferentes actividades e na participación de persoas de distintas idades, tanto da propia localidade como doutros puntos da contorna. A través desta oferta continuada, o Concello busca reforzar a vida social, cultural e deportiva e consolidar Guitiriz como un municipio activo, con propostas para todos os públicos e durante as distintas épocas do ano.

AS GRANDES CITAS

Entre as celebracións máis arraigadas no calendario municipal destacan a **IX Festa da Torta de Millo** e a **XXXI Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga**. Dúas citas que contribúen a poñer en valor o patrimonio gastronómico, cultural e artesanal do municipio e que, edición tras edición, manteñen a súa capacidade de convocatoria.

Ambas as celebracións constrúen unha programación ampla, con actividades ao longo de toda a xornada e propostas dirixidas a diferentes xeracións. A gastronomía, os produtos tradicionais e os oficios artesáns comparten protagonismo con actuacións musicais, concertos de primeiro nivel e actividades de carácter festivo. O obxectivo é ofrecer unha experiencia completa sen perder a esencia que converte estas festas en referentes da identidade local.

A continuidade destas celebracións permite tamén dar visibilidade aos elementos que forman parte da historia e da cultura de Guitiriz, ao tempo que favorece o encontro entre veciños e visitantes. A aposta por unha programación diversa, na que se combinan os contidos máis tradicionais con propostas de ocio para todas as idades, contribúe a manter o atractivo destas convocatorias.

ACTIVIDADES QUE NACEN

A programación municipal tamén incorpora iniciativas novidosas que aproveitan ocasións especiais para ofrecer experiencias diferentes. Un dos exemplos máis destacados foi a **Romaría do Eclipse Solar**, organizada polo Concello de Guitiriz con motivo da eclipse total de Sol, que converteu a parroquia de Santa Mariña nun punto de encontro para numerosas persoas chegadas tanto da contorna como doutros lugares de Galicia.

A xornada combinou divulgación científica, música en directo e contacto coa natureza arredor dun fenómeno astronómico excepcional.

A Romaría do Eclipse exemplifica a capacidade do municipio para transformar un acontecemento extraordinario nunha actividade colectiva, cunha programación que vai máis alá da observación astronómica e que ofrece unha experiencia compartida para públicos diversos.

A convivencia entre tradición e innovación está tamén presente no proxecto **Xeracións que xogan**, posto en marcha polo Concello de Guitiriz na Escola Habanera.

A iniciativa busca fortalecer os lazos entre persoas maiores e mocidade a través do xogo e da tecnoloxía, creando espazos de encontro nos que compartir coñecementos e experiencias.

O proxecto parte da idea de que todas as xeracións teñen algo que ensinar e aprender. Nun contexto no que a fenda dixital pode favorecer o illamento de parte da poboación maior, a proposta aposta por unha aprendizaxe bidireccional que combina a transmisión dos xogos tradicionais coa familiarización coas novas tecnoloxías de entretemento.

Durante as sesións previstas, as persoas maiores comparten xogos tradicionais e de cartas, mentres que os nenos e nenas introducen ás xeracións adultas no uso de videoxogos e dispositivos como tabletas, consolas e ordenadores. Deste xeito, os maiores poden gañar autonomía e confianza no manexo das ferramentas tecnolóxicas, mentres a mocidade descobre o valor dos xogos de sempre e da memoria cultural.

O calendario de actividades tamén reserva un espazo destacado para o público infantil e familiar. Un exemplo é a **Festa de Verán de Parga**, unha das propostas incluídas na programación estival do Concello e que ofrece varias xornadas de lecer para a cativada no CIT de Parga.

A celebración estendeuse durante catro días e incluíu diferentes alternativas de diversión, entre as que destacan os deslizadores acuáticos. Un dos momentos máis esperados foi a Festa da Escuma, que puxo o broche á programación cunha proposta especialmente pensada para o público infantil.







O deporte, outro dos motores da actividade local

A dinamización de Guitiriz non se entende sen a súa programación deportiva, na que destacan citas consolidadas que atraen cada ano participantes e afeccionados. Entre elas sobresaen o Rally Rías Altas de Regularidade e a Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal, dúas probas con numerosas edicións ás costas que xa forman parte do calendario deportivo da localidade.

O **XXII Rally Rías Altas de Regularidade** reuniu na súa última edición 43 pilotos e propuxo un percorrido de 288 quilómetros por 19 concellos das provincias da Coruña e Lugo. A proba permitiu participar no tramo de mañá, no de tarde ou na xornada completa, cun percorrido que tivo en Guitiriz un dos seus puntos destacados.

A saída da modalidade matinal tivo lugar en O Burgo, en Culleredo, mentres que pola tarde os vehículos partiron da praza do Campo da Feira de Guitiriz. A chegada ao Iberik Gran Balneario, arredor das 21.30 horas, puxo o punto final á xornada coa entrega de premios e unha cea de confraternización.

O rally está reservado a vehículos históricos fabricados antes do 31 de decembro de 1995 e desenvólvese por estradas abertas ao tráfico, cunha velocidade media inferior aos 50 quilómetros por hora e co respecto obrigado ás normas de circulación. A cita combina así a afección polo motor clásico cunha proposta de carácter turístico e de convivencia entre participantes.

Outra das convocatorias deportivas de referencia é a **XVI Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal**. A última edición reuniu máis de 220 persoas entre a carreira e a quinta edición da andaina, cunha participación repartida entre numerosas categorías.

Nía Franco e Daniel Murado proclamáronse vencedores absolutos da proba. Na categoría masculina, Esteban Díaz e Marcos Codesal completaron o podio, mentres que na feminina Carla González acadou a segunda posición e Nerea Braña foi terceira.

A competición contou tamén con categorías para os máis pequenos e pequenas, desde biberón ata sub 18, ademais das probas sénior e máster. A cita tivo tamén unha vertente solidaria, xa que a recadación obtida a través das inscricións e da Fila 0 se destinaría á asociación Somos Unidos Contra el Cáncer.

Ás probas xa consolidadas incorporouse tamén unha nova iniciativa: o **Rallymix Concello de Guitiriz - Gran Premio Deputación de Lugo**, que celebrou a súa primeira edición cunha notable resposta de participantes e público.

A competición converteu Guitiriz durante toda unha fin de semana nun dos principais escenarios do deporte do motor en Galicia, coa presenza de 86 pilotos e pilotas e un total de 7.850 euros repartidos en premios entre as diferentes categorías. A proba estivo organizada por Scratch Galicia e Scratch Fene, coa colaboración do Concello e o apoio da Deputación de Lugo.

Na clasificación xeral, Francisco Dorado, acompañado por Andrea Lamas como copiloto e ao volante dun Skoda Fabia RS Rally2, proclamouse primeiro gañador desta nova cita. Alfonso Ventín, cun Yacar Yacarcross, ocupou a segunda posición, mentres que Antonio López, co mesmo modelo de vehículo, rematou terceiro.

Dous programas de rutas a pé e en bicicleta todo o ano

A programación deportiva de Guitiriz esténdese ao longo de todo o ano con iniciativas que combinan actividade física, natureza e coñecemento do territorio. Entre elas destacan dúas propostas xa consolidadas no calendario municipal: o programa de andainas **Guitiriz en Ruta** e o de bicicleta de montaña BTTeando por Guitiriz.

No primeiro caso, este ano realizáronse nove saídas por percorridos do propio municipio e doutros puntos de Galicia. As rutas dentro dos límites municipais son gratuítas, mentres que as que se desenvolven fóra do concello teñen un custo de 10 euros para as persoas non empadroadas e de 5 euros para as empadroadas.

O programa actual comezou en febreiro coa Senda da Memoria, nas Pontes e a esta primeira saída seguíronlle outras sete rutas como o Roteiro da Pena Moura, en Sobrado dos Monxes, a Ruta do Río Requeixo, o Camiño dos Faros, etapa 4, entre Laxe e Arou e o Camiño Norte de Santiago.

Despois do verán fíxose a Ruta das Minas, a Ruta do Bosque da Fervenza e rematarán coa Ruta da Auga, entre Parga, San Alberte e o Camiño Norte, o 20 de decembro.

Xunto ás andainas, Guitiriz ten en marcha tamén a oitava edición de **BTTeando por Guitiriz,** o programa de rutas en bicicleta de montaña. A iniciativa, de balde para os participantes, conta este ano con seis percorridos e comezou o domingo 22 de marzo, coincidindo coa chegada da primavera, coa Ruta da Cova da Serpe.



Sumáronse a Ruta do Pantano, a Ruta do Cordal, a Ruta de Roca e quedan dúas pendentes, a Ruta de Gravel Guitiriz e a Ruta de Nadal.

Con estas dúas iniciativas, o Concello de Guitiriz reforza unha programación deportiva que se prolonga durante todo o ano e que anima a veciñanza a practicar actividade física ao aire libre, ao tempo que descubre a paisaxe, os camiños e o patrimonio natural do municipio e doutros lugares de Galicia.

Xermolos celebrará os seus 50 anos cun xantar

A asociación Xermolos, en Guitiriz, celebrará o sábado 14 de novembro os seus 50 anos de historia cunha festa e xantar no restaurante A Casilla, nunha xornada que busca reunir a veciños, amizades e persoas vinculadas ao colectivo para conmemorar medio século de compromiso coa cultura, a comunidade e a vida social.

Baixo o lema Festa e xantar, a entidade prepara unha celebración especial na que o xantar dará comezo ás 12.00 horas, no restaurante La Casilla. A partir das 13.30 horas, o mesmo espazo acollerá música en directo para prolongar a festa e compartir unha xornada de encontro e convivencia.

A celebración servirá para lembrar a traxectoria dunha asociación que, ao longo destes 50 anos, traballou para incentivar novas canles de colaboración a prol da veciñanza, construíndo día a día un proxecto colectivo cunha forte raigame nas aldeas.

O prezo do xantar será gratuíto para os nenos e nenas de ata 6 anos, de 15 euros para os menores de entre 6 e 11 anos e de 25 euros para os adultos. As entradas poderán adquirirse nos puntos de venda habilitados en A Casilla, Soa, Xoldra e Teixido.

A organización lembra que o aforo é limitado e que non se realizarán reservas nin vendas en liña.

Un convenio permitirá rematar a residencia na Casa da Botica



No que ten que ver coas residencias da Deputación, a voceira do Goberno provincial, Pilar García Porto, sinalou tamén que esta mesma mañá Carmela López, presidenta da Deputación de Lugo, e Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz, asinaron o novo convenio de colaboración para financiar as obras necesarias para completar o Centro de Atención a Maiores da Casa da Botica.

O acordo prevé unha achega provincial de 3.137.597,68€ e unha achega municipal de 115.016,74 euros, o que eleva o total do investimento a 3.252.614,42 euros.

Este centro guitiricense contará con 46 prazas residenciais e dúas prazas de enfermería e as obras combinan a rehabilitación do edificio histórico da Casa da Botiva coa construción dun segundo inmoble.

Informou a deputada que o Concello xa concedeu a prórroga da licenza municipal e que entre os trámites pendentes para avanzar cara ao inicio das obras figuran a aprobación do plan de seguridade e saúde, a apertura do centro de traballo por parte de Tragsa e a sinatura da acta de replanteo.

Reclaman en Parga compromiso coas conexións ferroviarias



A candidata do BNG ao Congreso por Lugo, Olalla Rodil, reafirmou o compromiso coas comunicacións en ferrocarril. Nunha visita a Parga, a cabeza de lista do BNG por Lugo lembrou que na última lexislatura un só deputado nacionalista permitiu avanzar en proxectos importantes "para garantir a conectividade das e dos veciños da comarca de Lugo en ferrocarril", dixo Rodil. A candidata afirmou que a partir do 29 de novembro, o BNG seguirá a traballar nunha variante ferroviaria exterior para Parga, que permita eliminar os pasos a nivel sen dividir a vila. "Seguiremos traballando por unhas comunicacións dignas para toda a comarca de Lugo, que permitan achegarnos ao resto de Galiza", dixo Rodil.

Durante a última lexislatura, o traballo do BNG permitiu desbloquear cuestións relevantes para a mobilidade na provincia, como a modernización da vía no treito Monforte-Lugo ou o estudo para a conexión ferroviaria directa entre Lugo e Compostela. Rodil considerou que estes avances demostran que "a presenza do BNG no Congreso é determinante para trasladar as demandas territoriais ao Goberno". "O BNG, cun só deputado, foi quen conseguiu máis melloras para as conexións ferroviarias de Lugo", valorou a candidata do BNG, quen vinculou esta capacidade de traballo á defensa constante dos intereses de Galiza nas institucións do Estado.

En relación con Parga, a variante ferroviaria foi historicamente reivindicada como alternativa á supresión dos pasos a nivel e ás propostas que, segundo veciñas e veciños, poderían provocar un forte impacto urbanístico e separar físicamente a vila.



Sesión sobre condutas de risco na mocidade

O Concello de Guitiriz dará continuidade á formación *Comprender para acompañar. Como previr e actuar ante condutas de risco e autolesivas,* unha iniciativa dirixida a familias, profesorado e público en xeral interesado no benestar emocional da mocidade.

A segunda parte desta actividade terá lugar o mércores 11 de novembro, de 16:30 a 18:30 horas, no IES Poeta Díaz Castro. Esta nova sesión dará continuidade á formación celebrada o pasado mes de maio e manterá os mesmos contidos, co obxectivo de seguir achegando información e ferramentas prácticas para comprender, previr e actuar ante posibles condutas de risco e autolesivas entre a mocidade.

A participación é de balde, pero será necesario realizar unha inscrición previa a través dun formulario en liña habilitado na páxina web municipal e nas redes sociais do Concello. O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 10 de novembro.

A iniciativa está organizada polo Concello de Guitiriz, coa colaboración do IES Poeta Díaz Castro e de Ludus Tempori, e enmárcase no compromiso municipal coa sensibilización, a prevención e a promoción do benestar emocional da mocidade.

Todo preparado para o esperado Pígara Fest

O tradicional Pígara Fest celebrarase o sábado 28 de novembro. Esta comezará cunha sesión vermú amenizada polo grupo Acherizados, á que seguirá unha comida popular.

O prezo será de 30 euros para os adultos e de 15 euros para os nenos e nenas de entre 6 e 10 anos, mentres que os menores de 6 anos poderán asistir de balde. As persoas interesadas en participar na comida deberán anotarse previamente.

Pola tarde, a música continuará cun baile a cargo de Acherizados e do Dúo Principal, formación na que participa Dani Digirey, gañador da Liga de Cantantes. A festa prolongarase ata a noite, cando os asistentes poderán gozar dunha liscada gratuíta. A xornada rematará coa música de DJ Roquiño, de Sala G da TVG, e do Dúo Principal.

O recinto contará cunha carpa cuberta e climatizada. Ademais, haberá unha zona infantil con inchable e touro mecánico, ambos con monitores e de balde, así como servizo de bar a cargo de Bar Porto e oferta gastronómica da Pizzería Nerea.

cospeito



Firmada a venda dunha nova parcela no polígono da Feira do Monte

A presidenta da Deputación asinou a venta dunha parcela no polígono industrial de Cospeito, tamén coñecido como parque empresarial de Feira do Monte. A transacción formalizouse por 39.000 euros.

Concretamente, a institución provincial vendeu a parcela número 22 ao particular Marcos Fernández Veiga, quen porá en marcha un taller de reparación de tractores tras máis de 30 anos de experiencia no sector. Fernández Veiga, que ata o de agora desenvolveu a súa actividade profesional como empregado por conta allea en Lugo, dá agora o paso de converterse en emprendedor no rural e poñer en marcha o seu propio negocio en Cospeito.

Tras esta operación, quedan dispoñibles 15 parcelas das 24 que conforman o parque, situado moi próximo á Autovía A-6, o que facilita a conexión co resto da provincia. O polígono conta cunha superficie total de 56.726 metros cadrados e as parcelas dispoñibles van desde os 800 ata os 1.300 metros cadrados.

EN BREVE



CENTENARIA. Nieves, veciña de Rioaveso, celebrou o seu 102 aniversario cunha visita do alcalde, Armando Castosa, e da traballadora social do Concello, Ana Belén Iglesias, que lle trasladaron os parabéns en nome de toda a corporación municipal.



COMERCIO. Un total de 20 consumidores recibiron tarxetas prepago de 50 euros para realizar novas compras no comercio local de Muimenta, Cospeito e Castro de Rei, tras resultar premiados na campaña Merca no teu comercio. A iniciativa rexistrou 2.282 tíckets de compra durante as dúas semanas nas que estivo activa e repartiu 1.000 euros entre os participantes.

Convocado un curso de cerámica a partir de novembro

A Asociación Cultural de San Martiño de Pino, de Cospeito, organiza un curso de cerámica que será impartido por M.ª José Sánchez Castedo e que se desenvolverá durante os meses de novembro e decembro no local social da Escola de Pino.

A actividade terá lugar seis sábados, concretamente os días 14, 21 e 28 de novembro e 5, 12 e 19 de decembro, en horario de 16.00 a 20.00 horas. O curso é gratuíto, aínda que os materiais necesarios para a realización das pezas correrán a cargo das persoas participantes.

As prazas son limitadas, cun máximo de 12 persoas, polo que a organización establecerá unha orde de prioridade para a súa adxudicación. En primeiro lugar, terá preferencia unha persoa socia por carné; en segundo lugar, o resto de socios e socias do mesmo carné e, finalmente, as persoas non socias. Esta distribución busca garantir un reparto o máis xusto posible das prazas dispoñibles.

A iniciativa está organizada pola Asociación Cultural de San Martiño de Pino, coa colaboración da Deputación de Lugo e do CENTRAD.



rábade

O PSdeG acusa ao PP de incumprir de novo o calendario de plenos

O voceiro do PSdeG, Alejandro Martínez, denuncia que a alcaldesa do PP, Remedios González, volve incumprir o calendario de plenos ao convocar para o luns 2 de novembro, ás 12.00 horas, a sesión ordinaria prevista para o día 11. "A alcaldesa xestiona o Concello como se fose da súa propiedade e modifica as datas dos plenos cando lle vén en gana, sen respectar os acordos da Corporación nin atender as reiteradas reclamacións da oposición", critica.

A propia convocatoria identifica a sesión como substitutiva da correspondente ao 11 de novembro, segundo mércores do mes e data fixada no calendario aprobado pola Corporación. Martínez reprocha á rexedora que persista nesta práctica malia as denuncias públicas e as peticións para que cumpra unha programación coñecida de antemán por todos os grupos municipais.

O PSdeG lembra que xa advertiu a comezos de outubro de que só 3 dos 19 plenos ordinarios celebrados no mandato respectaran a data prevista. Máis do 84% das sesións tiveron lugar fóra do calendario fixado, un balance ao que agora se suma este novo cambio.

"Os membros da oposición temos obrigas laborais que debemos compatibilizar coas nosas responsabilidades municipais. Cambiar continuamente as datas e manter as sesións ás doce da mañá dificulta a nosa asistencia e tamén a da veciñanza. É unha falta de respecto á oposición e á cidadanía", denuncia o voceiro socialista.

Martínez esixe á alcaldesa que respecte os acordos da Corporación e advirte de que o PSdeG seguirá denunciando estes incumprimentos.

"Ter maioría absoluta non lle dá dereito a dispoñer do Concello ao seu antollo. Seguiremos reclamando que cumpra o calendario e que deixe de poñer trabas ao labor de quen representa á veciñanza de Rábade", conclúe.



Os ascensores da nova pasarela de Adif xa están en funcionamento

Os ascensores da nova pasarela de Rábade, que comunica o Campo da Feira coa Praza de España, xa están en funcionamento.

Porén, o Goberno local sinala que non recibiu comunicación oficial sobre a posta en servizo dos ascensores e lembra que a obra aínda non foi entregada ao Concello. Polo momento, a titularidade da infraestrutura continúa en mans de Adif, responsable dos traballos de construción da nova pasarela e da demolición da antiga.

O Concello pide á cidadanía que extreme a precaución ao transitar pola zona, xa que aínda permanecen vallas de obra e parte do cerramento está sen rematar. Esta situación fai que a zona continúe sendo accesible e poida representar un risco para as persoas que se acheguen ao espazo en obras.

O Goberno local agarda que Adif remate canto antes os traballos de acondicionamento pendentes para poder recibir oficialmente a nova infraestrutura, considerada fundamental para garantir a comunicación entre ambas as zonas da localidade e facilitar o cruzamento da vía do tren.

O BNG abandona o pleno ao non poder debater unha moción

O Grupo Municipal do BNG de Outeiro de Rei abandonou o salón de plenos durante a sesión municipal deste xoves despois de que non se lles permitise debater as dúas mocións que presentaran en tempo e forma, relativas á fiscalidade municipal e ao acceso á vivenda.

A formación nacionalista denuncia que o alcalde impediu a incorporación da segunda iniciativa á orde do día e considera que esta decisión limita o seu labor de oposición.

A única proposta admitida para o debate foi a relativa ao Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), que finalmente non saíu adiante ao votar en contra o equipo de goberno. A moción propoñía revisar a ordenanza municipal para introducir bonificacións fiscais, actualizar a normativa e corrixir posibles cobros indebidos. Entre as medidas formuladas polo BNG figuraban a devolución de oficio, cos intereses correspondentes, dos importes cobrados por terreos que non reunisen as condicións para tributar como urbanos, así como bonificacións para instalacións de autoconsumo eléctrico, puntos de recarga de vehículos eléctricos e inmobles destinados a explotacións agrícolas e gandeiras.

A iniciativa tamén cuestionaba a fiscalidade aplicada aos terreos rústicos e ás propiedades situadas nas parroquias rurais, ao considerar que non resulta equitativo que paguen a mesma porcentaxe que os inmobles situados no centro da vila ou en zonas con maior dispoñibilidade de servizos. O BNG defendía, ademais, a modernización dunha ordenanza que considera obsoleta.

A tensión aumentou cando o concelleiro nacionalista Miguel Vieito reclamou que se incorporase á sesión a segunda moción, centrada na falta de vivenda accesible e protexida no



municipio.

Segundo denuncia o BNG, o alcalde pretendeu impoñer a presentación de urxencia, malia que fora presentada en tempo e forma xunto coa proposta sobre o IBI.

"Negámonos a votar a urxencia dunha moción que non é urxente, pero que foi presentada en tempo e forma xunto á outra, e só se admitiu unha sen dar ningunha razón", alega Miguel Vieito, voceiro do BNG de Outeiro de Rei.

Ante a negativa a incluír a proposta, o Grupo Municipal decidiu abandonar o salón de plenos. "Diante deste abuso do alcalde e da negativa a incluír a moción, decidimos marchar, xa que se nos impide desenvolver o noso labor de oposición", insiste Vieito.

A formación nacionalista lembra que existe unha sentenza do Tribunal Supremo que impide limitar artificialmente o número de mocións que pode presentar a oposición. O BNG acusa o alcalde de seguir ignorando este criterio e lamenta que a situación se prolongue no tempo, ao considerar que supón un "abuso de poder" e un "claro veto" ás propostas e achegas do grupo nos plenos municipais.

A iniciativa que o BNG reclamaba incorporar á sesión abordaba a falta de vivenda accesible e protexida en Outeiro de Rei, unha cuestión que a formación considera prioritaria para a mocidade, as familias traballadoras e as persoas con rendas medias.

A proposta recollía medidas para impulsar a construción de vivenda de protección oficial en réxime de alugueiro mediante a adquisición de terreos municipais ou a súa posta á disposición da Xunta, así como para recuperar o proxecto de vivenda pública previsto na zona da Palloza. Tamén propoñía aplicar unha recarga de ata o 150 % no IBI ás vivendas desocupadas que estean en condicións de saír ao mercado do alugueiro e crear un rexistro municipal de vivendas de uso turístico.

O grupo nacionalista considera que o municipio precisa unha planificación a medio e longo prazo para facilitar a emancipación da mocidade e favorecer que as persoas que marchan estudar fóra poidan regresar e establecerse en Outeiro de Rei. Porén, estas propostas non puideron nin sequera ser sometidas a debate no pleno.

SAN FIZ DE PAZ



A directora xeral da AGADER, Paz Rodríguez, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, fixo entrega dos boletíns das bases de reestruturación parcelaria de San Fiz de Paz aos propietarios dos terreos. As bases están expostas ao público tanto no Concello de Outeiro de Rei como na páxina web da Consellería de Medio Rural.

A AC de Penas de Rodas organiza un campionato de tute

A Asociación Cultural de Penas de Rodas, en Outeiro de Rei, organiza un campionato de tute o vindeiro sábado 21 de novembro, a partir das 16.00 horas.

As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición antes do sábado 7 de novembro, no Whatsaap dos teléfonos 676 040 859 ou 622 548 853. O custo da inscrición é de 5 euros por parella e será necesario contar cun mínimo de oito para que se celebre o campionato.

As torres de Taboi e Sobrada, dous vestixios medievais en perigo

As dúas construcións, que formaban parte dun sistema defensivo relacionado coa torre de Caldaloba, presentan graves problemas de conservación e figuran na Lista Vermella de Hispania Nostra

As torres de Taboi e Sobrada de Aguiar, en Outeiro de Rei, permanecen nun estado de deterioración avanzada, sen actuacións para garantir a súa conservación. As dúas construcións, vestixios de antigas fortalezas medievais, forman parte dun conxunto defensivo que, segundo a información histórica recollida, estaba relacionado coa torre de Caldaloba, en Cospeito. Mentres esta última foi obxecto de atención pública polo debate arredor da súa propiedade entre a Xunta e a Deputación de Lugo, as dúas torres de Outeiro de Rei continúan á marxe das actuacións de recuperación e figuran na Lista Vermella do patrimonio de Hispania Nostra.

A situación das dúas construcións preocupa polo avance dos danos estruturais e pola falta de mantemento. En Taboi, o que queda do antigo castelo é unha torre incompleta, de planta cadrada e muros de mampostería de lousa, situada nunha zona de cultivo. A construción, que formaba parte dun recinto fortificado, conserva pegadas da súa antiga distribución interior en tres plantas e un soto. O estado actual é ruinoso: presenta grandes fendas na fachada sur, vexetación e raíces nos paramentos e a falta de pedras na porta, unha circunstancia que incrementa o risco de derrubamento.

A torre foi a homenaxe dun castelo que, segundo a documentación histórica, contaba con foxos, recinto, torres e ponte levadiza. Taboi foi solar dos Saavedra e estivo vinculado a familias como os Aguiar, Ribadeneira e Bolaño, ademais de ser feudo dos Pardo de Cela. En 1585 consta que foi reparada, aínda que non se conservan documentos medievais sobre a súa construción. O escudo principal atópase actualmente no Museo Provincial de Lugo.

A situación de Sobrada de Aguiar é tamén delicada. A torre, de máis de quince metros de altura e planta cadrada, foi levantada probablemente no século XV por Fernán Pérez de Ribadeneira sobre unha construción anterior. Como outras fortalezas galegas, foi derrubada durante a Revolta Irmandiña de 1467 e posteriormente reconstruída polos Freire de Andrade.

A construción conserva elementos defensivos e arquitectónicos de interese, como as aspilleiras, as gárgolas, os ocos das antigas portas e os restos das divisións interiores. Porén, a maleza cobre parte dos muros, nos que se observan numerosas fendas e ocos. Un eucalipto de grandes dimensións medra xunto a un dos laterais e está practicamente apoiado na estrutura, o que compromete a súa estabilidade. Ademais, as edificacións anexas incorporaron elementos modernos, como uralita, formigón e bloques, que alteran a contorna histórica do conxunto.

A torre formaba parte dunha casa forte e dun antigo pazo vinculado ás familias Ribadeneira, Andrade, Aguiar, Bolaño e Maseda. A porta norte comunicaba coas dependencias do conxunto, mentres que un escudo con armas dos Andrade, Aguiar e Ribadeneira, que estaba na fachada, consérvase tamén no Museo Provincial de Lugo. A propiedade actual da torre corresponde á familia de Andrés Segundo Guerra Pita.

SISTEMA DEFENSIVO

As dúas torres de Outeiro de Rei non son elementos illados dentro da historia medieval da comarca. Segundo explica Miguel Vieito, estudioso da historia da zona, Taboi, Sobrada e Caldaloba estaban aliñadas e presentaban unha estrutura e un deseño arquitectónico moi semellantes. Formarían parte dun sistema defensivo no que as fortalezas podían comunicarse e servir de apoio entre si: se unha era atacada, as outras podían ofrecer refuxio.

Vieito, que tamén é membro do BNG e unha das voces que leva reclamando atención sobre estes vestixios, apunta que esta relación histórica permite entender as torres como parte dunha rede de construcións defensivas, e non só como edificios independentes. A súa conservación permitiría recuperar tamén unha parte da historia medieval da provincia de Lugo, marcada polas disputas entre familias nobiliarias e polos conflitos polo control do territorio.

AS REACCIÓNS DO BNG

A situación das torres chegou tamén ao debate político. O BNG de Outeiro de Rei presentou emendas aos orzamentos da Xunta para 2026 co obxectivo de reclamar actuacións urxentes para garantir a conservación, o mantemento e a posta en valor das construcións.





A deputada nacionalista Olalla Rodil denunciou que a Xunta e o Concello levan anos "sen impulsar medidas para consolidar uns edificios que están en ruína avanzada e presentan risco de derrubamento". A formación reclama que ambas administracións elaboren un plan integral de conservación, rehabilitación e rexeneración dos inmobles.

O BNG defende, ademais, que a recuperación das torres podería convertelas nun recurso cultural e turístico para o municipio.¡

Desde o ámbito investigador tamén se reclama que o Concello lidere os contactos coas administracións competentes, entre elas a Xunta e a Deputación, para abrir unha vía de colaboración. A proposta non pasa necesariamente por unha intervención integral inmediata, senón por comezar polas actuacións máis urxentes: retirar a vexetación, tarefas periódicas de mantemento, avaliar os danos e eliminar os elementos que poidan comprometer a estabilidade das estruturas, como o eucalipto situado xunto á de Sobrada.

O obxectivo sería, nunha primeira fase, evitar que as torres se derruben. Despois poderían abordarse a investigación histórica, a divulgación e a creación de actividades culturais, visitas guiadas ou propostas de aproveitamento patrimonial. Miguel Vieito cita outros castelos galegos que conseguiron converterse en puntos de interese turístico e considera que Outeiro de Rei "conta cun patrimonio histórico que podería ter maior presenza na oferta cultural".

Convocado de novo o concurso de recitado poético Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 27 de febreiro de 2027 na propia Casa-Museo.

O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O concurso establece tres categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse tres traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María. Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade.

Os centros interesados en sumarse a este concurso deberán facer a súa preinscrición antes do 22 de xaneiro. E os seleccionados para a fase final deberán estar escollidos antes do 12 de febreiro. Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3. Os premios serán unha tableta para as persoas gañadoras e un lote de libros para os centros que representan.



pol

Roteiros de Pol presenta o calendario de rutas

A Asociación Roteiros de Pol deu a coñecer o seu programa de camiñadas para a tempada 2026-2027, un calendario que se desenvolverá entre o 1 de outubro de 2026 e o 30 de setembro de 2027 e que combinará percorridos por Galicia, O Bierzo e Asturias.

A primeira saída terá lugar o 25 de outubro con destino a Oza-Cesuras, na provincia da Coruña. Durante os meses seguintes, as persoas participantes visitarán paraxes como Congosto e Molina Seca, no Bierzo, Caión, Samos, Baralla ou Navia, ademais de celebrar a tradicional Ruta do Cocido e a cuarta edición da Ruta dos Fornos en Pol.

O programa inclúe tamén a cea anual da asociación, prevista para o mes de decembro en Pol, así como a participación na XVIII Concentración de Asociacións de Sendeirismo e Tempo Libre de Galicia e Asturias, que se celebrará na Pontenova durante o mes de maio, nunha data aínda por confirmar.

A tempada concluirá o 12 de setembro de 2027 cunha ruta polo propio municipio de Pol, poñendo o broche final a un ano de actividades pensado para fomentar o sendeirismo, a convivencia e o coñecemento do patrimonio natural e cultural dos territorios visitados.

A asociación lembra que o calendario poderá sufrir modificacións ou posibles anulacións se así o determina a súa dirección por causas organizativas ou de forza maior.

EN BREVE



COLEXIO. O BNG denuncia o grave estado de deterioro no que se atopa o CEIP Rosalía de Castro e reclama á Xunta unha intervención inmediata que garanta unhas instalacións educativas "dignas, seguras e accesibles".



PREMIO. A Facultade de Ciencias da Comunicación da USC celebra a concesión do Premio Diego Bernal 2027 a Xosé López García, xornalista, doutor en Historia e profesor emérito do centro e natural da localidade de Cirio. A Asociación de Periodistas de Galicia (APG) acordou por unanimidade concederlle o galardón en recoñecemento a unha traxectoria de case cinco décadas dedicada ao xornalismo, á docencia e á investigación.



ÓNEGA. O Concello de Lalín homenaxeou a figura do xornalista Fernando Ónega coa inauguración dunha rúa e dunha sala na Biblioteca Municipal Varela Jácome que levarán o seu nome, nun acto que serviu tamén para recoñecer a súa estreita vinculación coa localidade pontevedresa, da que era Fillo Adoptivo.

xermade

Cabreiros logra o Premio 2026 de Iniciativas Culturais e Científicas



A experiencia cultural de Cabreiros, impulsada durante máis de 25 anos pola Asociación de Veciños de Cabreiros, o Concello de Xermade e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), acaba de recibir o Premio de Iniciativas Culturais e Científicas 2026, no marco dos Premios da Crítica de Galicia. O xurado concedeu o galardón por unanimidade, en recoñecemento a unha traxectoria de dinamización comunitaria e interxeracional no rural galego.

O proxecto Cabreiros, máis de 25 anos dunha experiencia rural colectiva foi distinguido pola súa contribución á recuperación e difusión da memoria colectiva, a identidade e a cultura do territorio. A través de xornadas, documentais e iniciativas participativas, esta experiencia promoveu durante máis de dúas décadas a colaboración entre a veciñanza, a asociación veciñal, o Concello e a universidade, demostrando a capacidade das comunidades rurais para desenvolver proxectos colectivos e manter vivo o seu patrimonio.

O recoñecemento deuse a coñecer este sábado en Vigo, durante o acto de entrega dos Premios da Crítica de Galicia, que distinguen cada ano traballos e traxectorias destacadas en diferentes ámbitos culturais, científicos e sociais. A experiencia de Cabreiros impúxose ás outras dúas candidaturas finalistas, Ciencia Calidade e Aquí Cántase.

Desde a contorna do proxecto destacaron a emoción e o orgullo por un recoñecemento que consideran froito dun traballo colectivo compartido durante case 30 anos. Tamén expresaron o seu agradecemento a todas as persoas e entidades que contribuíron a construír e manter viva esta iniciativa, así como ao xurado pola concesión do premio.

A celebración continuou en Ourense, onde se rendeu homenaxe a Xosé Manuel Cid, referente da pedagoxía e da educación social, e posteriormente o recoñecemento chegou a un dos espazos emblemáticos desta traxectoria: a Casa-Escola de Cabreiros.

A XIV Invernada de Cine ofrecerá cinco sesións

Xa está en marcha a XIV edición da Invernada de Cine, organizada pola Asociación de Veciños de Cabreiros. A programación desenvolverase ata decembro e inclúe cinco propostas.

A primeira sesión foi o 24 de outubro coa proxección de *Antes de Nós*, dirixida por Ángeles Huerta e recoñecida co Premio Mestre Mateo ao guión.

O 7 de novembro, tamén ás 18.30 horas, será a quenda de *360 Curvas*, unha obra que toma como referencia o traxecto entre A Fonsagrada e Lugo para reflexionar sobre o despoboamento rural e a loita dunha comunidade por manter vivo o seu territorio.

A programación continuará o 21 de novembro con *As liñas descontinuas,* de Anxos Fazáns. A película presenta o encontro entre Bea, unha muller de 50 anos que atravesa unha separación, e Denís, un mozo trans de 28 anos que afronta a precariedade laboral e a falta de oportunidades.

A música tomará o relevo o 12 de decembro coa actuación de Xoán Goia e Os Rebuxentos, que presentarán o seu segundo disco, *A Fraga dos Bidueiros*, dedicado a Xermade.

A XIV edición rematará o 19 de decembro co espectáculo Maxia entre Liñas, de Dani García, unha proposta que combina maxia e clown a través do humor, a expresión corporal e a participación do público.

A Xunta prevé licitar este ano as obras da LU-170

A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) prevé licitar antes de que remate este ano as obras de reforzo do firme da estrada LU-170 ao seu paso polo Concello de Xermade, cuxa execución está prevista para 2027. Así o comunicou a administración autonómica en resposta á solicitude presentada o pasado 15 de setembro polo cura párroco de Momán, Luis Ángel Rodríguez Patiño, na que reclamaba a reparación e acondicionamento da vía, especialmente no contorno do punto quilométrico 20.

A AXI sinala que realizou inspeccións sobre o estado do firme de diversas estradas autonómicas, entre elas a LU-170, e que, tras analizar os resultados, redactou varios proxectos destinados á mellora das vías que presentan deficiencias.

No caso da LU-170, o proxecto contempla actuacións no firme no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 18+230 e 23+260, unha zona que inclúe o contorno do quilómetro 20 polo que se interesaba especificamente a solicitude presentada desde Momán.

Organizan o 28 a tradicional setada

Os veciños de Cabreiros teñen unha cita o vindeiro 28 de novembro. A asociación de veciños local organiza a súa habitual setada. A cita comezará ás 14.30 horas na Casa Escola de Cabreiros.

O menú inclúe paella con setas, costela asada con setas, sobremesa, café e gotas. Aínda que todos os pratos inclúen setas, quen non poida comelas pode avisar no momento de anotarse para facer o menú sen elas.

Os interesados poden adquirir o tícket, que ten un prezo de 25 euros para os socios e de 30 para os non socios, poñéndose en contacto con calquera membro da directiva. A data límite para anotarse é o día 21.



CIRCUÍTO DE TEATRO PROFESIONAL 2026

CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

SETEMBRO

Xoves 3 (Palas de Rei) · **LOIA PRODUCCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 11 (Begonte) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 12 (Mondoñedo) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 19 (Meira) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Domingo 20 (Navia de Suarna) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Venres 25 (Sarria) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Sábado 26 (Lugo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***

OUTUBRO

Venres 2 (Bóveda) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Domingo 4 (Sarria) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Abra da cabra***
Xoves 8 (Cuitiriz) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***
Venres 9 (Portomarín) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 16 (A Fonsagrada) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 17 (Cuitiriz) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Luns 19 (Guntín) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Martes 20 (Palas de Rei) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Xoves 22 (Lugo) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Pituquito literal***
Venres 23 (Lugo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 25 (Pantón) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Luns 26 (Monterroso) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Martes 27 (Lugo) · **COMPAÑÍA SATORI:** ***Cores do camiño***
Xoves 29 (Ribas de Sil) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Venres 30 (Palas de Rei) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Sábado 31 (A Pastoriza) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***

NOVEMBRO

Venres 6 (Vilalba) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Sábado 7 (Friol) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Sábado 7 (As Nogais) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Sábado 7 (Cervo) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Sábado 7 (Guitiriz) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 8 (Pantón) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Luns 9 (Taboada) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Martes 10 (Sober) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Mércores 11 (Lugo) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Venres 13 (Lugo) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 14 (O Saviñao) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Abra da cabra***
Sábado 14 (Bóveda) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Domingo 15 (Bóveda) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 15 (O Vicedo) · **TEATRO DO MIOLO:** ***A redención de Abel***
Venres 20 (Castroverde) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Venres 20 (Castro de Rei) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 20 (Foz) · **BENGALA TEATRO FÍSICO:** ***Alicia wants to***
Sábado 21 (O Corgo) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Luns 23 (Vilalba) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Mércores 25 (Friol) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 28 (O Saviñao) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 28 (Castroverde) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonías da Silva***
Sábado 28 (Meira) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 29 (Antas de Ulla) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***

DECEMBRO

Xoves 3 (Monforte) · **BENGALA TEATRO FÍSICO:** ***Alicia wants to***
Sábado 5 (O Saviñao) · **COMPAÑÍA SATORI:** ***Cores do camiño***
Domingo 6 (A Fonsagrada) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Domingo 6 (Antas de Ulla) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Venres 11 (Lugo) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Venres 11 (Vilalba) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 12 (O Saviñao) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Sábado 12 (Castroverde) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***
Sábado 12 (Viveiro) · **ÍTACA TEATRO:** ***Profetas***
Domingo 13 (Monterroso) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Domingo 13 (Ribadeo) · **ÍTACA TEATRO:** ***Profetas***
Xoves 17 (Ribas de Sil) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 18 (Monterroso) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Sábado 19 (Láncara) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 19 (O Saviñao) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Sábado 19 (Lourenzá) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 20 (Foz) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Domingo 20 (Begonte) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Luns 21 (Guitiriz) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Mércores 23 (O Valadouro) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Mércores 23 (Burela) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druida***
Sábado 26 (Bóveda) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Sábado 26 (A Pontenova) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Sábado 26 (O Saviñao) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Pituquito literal***
Sábado 26 (O Corgo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 27 (Foz) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Peixe fresco***
Domingo 27 (Láncara) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Luns 28 (Quiroga) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Martes 29 (Barreiros) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Mércores 30 (Burela) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

Circuito de Teatro Profesional

ELECCIÓNS XERAIS

Galicia debuxa un mapa electoral con menos listas ao Senado e con novas siglas e pactos

As catro provincias suman 40 candidaturas ao Congreso e 26 á Cámara alta, oito menos que as proclamadas en 2023

Galicia volve situarse ante unha cita electoral na que cada provincia debuxará o seu propio mapa de opcións políticas. O próximo 29 de novembro, os electores galegos escollerán os representantes que ocuparán os escanos do Congreso dos Deputados e do Senado nun escenario que conserva boa parte das siglas habituais, pero que tamén incorpora novidades e acordos capaces de modificar a oferta nas papeletas.

A primeira fotografía desta convocatoria deixa un dato significativo: 40 candidaturas ao Congreso e 26 ao Senado nas catro circunscricións galegas.

Pero escoller aos nosos representantes implica tamén escoller a un presidente para o Goberno central neste duelo polarizado unha vez máis entre o PP de Alberto Núñez Feijoo e o PSOE de Pedro Sánchez. O socialista adiantou as eleccións confiando en que o movemento social pola situación da vivenda e o sentimento "antifascista" xogue ao seu favor. Na súa contra está unha lexislatura terriblemente convulsa que as análises políticas auguran traerá un cambio de era para calquera dos dous candidatos segundo o que acorden as urnas o último domingo de mes.

Para Feijoo chegou o momento decisivo, no que ten que amosar que ten apoios para liderar o partido e o Estado e reforzar ao PP noutras eleccións moito próximas, as locais, que terán lugar no mes de maio.

Mentres os partidos perfilan as súas estratexias polarizando o voto entre as dereitas e as esquerdas, a poboación tamén mostra a súa postura sobre o que lles preocupa. A xuventude, que nos últimos tempos se mantivo un pouco lonxe da política, volveu saír á rúa para reclamar vivenda e dereitos, sen comprender como as súas preocupacións volven quedar de novo á marxe, para ser utilizados como arma arroxadiza na rivalidade política.

Pero votar á dereita ou votar á esquerda non supón, agás sorpresa, que sexa o que decida quen gobernará os destinos do Estado os próximos catro anos. A previsible falta dunha maioría absoluta para as dúas grandes forzas podería implicar que os partidos de menos representatividade podan servir como peza fundamental para pactar o futuro goberno.

Se de algo saben os últimos gobernantes é de pactos. De feito, o PSOE



leva anos no poder, con menos votos que o PP, grazas ao apoio de partidos de menor representatividade na cámara. Por iso, nesta ocasión, os dous invocan o voto "útil" como a única forma de garantir a gobernabilidade.

O PP, pola súa banda, que só conta con VOX para sumar forzas, aspira a poder chegar entre os dous á prezada maioría, nun pacto xa de forma aberta.

Esta cita electoral será clave tamén para o BNG, xa que a formación necesita consolidarse en Madrid. Por iso, será un dos actores centrais da política galega, pero as eleccións xerais ofrecen unha medida diferente desa fortaleza. Segundo a media das enquisas para Galicia, o BNG situaríase arredor do 14 % dos votos e obtería dous deputados no Congreso. Nas xerais de 2023 conseguira o 9,4 % e un escano.

OITO SIGLAS EN TODA GALICIA

A oferta en Galicia volve ser ampla pero máis reducida que anos anteriores nestes comicios. Mentres que para o Congreso se mantén nunha dimensión semellante á das xerais de 2023, a Cámara alta experimenta unha redución máis acusada. Daquela proclamáranse 34 candidaturas ao Senado; agora son 26 as rexistradas.

O cambio responde, en boa medida, ao acordo entre o PSOE e Fronte Ampla, que concorren conxuntamente baixo a denominación Senado de Progreso, en lugar de presentar dúas opcións separadas.

O resultado é un panorama electoral no que a diversidade política segue presente, pero se distribúe de maneira desigual segundo a provincia e a cámara á que se aspire. En total, son 13 as formacións que concorren en Galicia. Oito delas estarán nas catro circunscricións, mentres que o resto limita a súa presenza a determinados territorios. Esta diferenza fai que a experiencia electoral non sexa exactamente a mesma para un votante de Lugo que para outro de Pontevedra ou Ourense.

A oferta ao Congreso apenas se afasta da rexistrada nos anteriores comicios. En 2023 presentáranse 42 candidaturas e finalmente proclamáranse 38. Nesta ocasión, as 40 listas distribúense entre as catro provincias, cunha concentración maior en Pontevedra e Ourense.

PP, PSdeG-PSOE, BNG, Fronte Ampla, Podemos, Se Acabó la Fiesta (SALF), Frente Obrero e Vox conforman o grupo de oito formacións que presentan listas ao Congreso nas catro provincias galegas. Son as siglas que permiten identificar unha oferta común para todo o territorio, aínda que a súa presenza non esgota as posibilidades que atoparán os electores en cada circunscrición.

Entre as novidades destaca Se Acabó la Fiesta. A súa presenza nas catro provincias galegas incorpora unha nova sigla ao escenario das xerais e amplía a oferta para os votantes que buscan alternativas ás formacións con maior tradición electoral.

Outro dos cambios é a presenza de Podemos por separado. A súa candidatura independente modifica a configuración do espazo político no que se sitúa a esquerda estatal e engade unha papeleta propia ás opcións dispoñibles. Ao mesmo tempo, o acordo entre o PSOE e Fronte Ampla ten un efecto especialmente visible no Senado, onde ambas as formacións se presentan baixo unha candidatura común.

Xunto ás oito formacións de ámbito galego, hai tres partidos ou organizacións que completan a oferta ao Congreso nalgunhas provincias: o Partido Comunista dos Traballadores da Galiza (PCTG), Escaños en Blanco, Por un mundo más justo e o Partido Animalista con el Medio Ambiente (Pacma). A súa distribución territorial explica parte das diferenzas no número de papeletas que haberá en cada circunscrición.



MENOS FRAGMENTACIÓN

A redución das candidaturas ao Senado é un dos elementos máis destacados destas eleccións en Galicia. Fronte ás 34 listas proclamadas en 2023, nesta convocatoria hai 26 rexistradas. O pacto entre o PSOE e Fronte Ampla explica boa parte deste descenso, ao unificar as dúas formacións nunha única opción electoral para a Cámara alta.

A oferta común en todas as provincias está formada por PP, BNG, Senado de Progreso, Vox e Podemos. Son as cinco papeletas que estarán dispoñibles para os electores de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A partir dese núcleo compartido, cada circunscrición incorpora outras candidaturas, o que fai que as posibilidades de elección varíen dun territorio a outro.

Pontevedra presenta oito listas ao Senado, Ourense 7 e A Coruña 6, con PCTG, Escaños en Blanco e Por un mundo más justo. Lugo, pola súa banda, queda con cinco.

A PARIDADE

Máis alá das siglas e dos acordos electorais, estas xerais incorporan un cambio na elaboración das candidaturas: a aplicación do sistema de listas cremalleira, que obriga a alternar mulleres e homes na orde das listas ao Congreso. A medida deriva da reforma da lexislación electoral en materia de representación paritaria e supón unha diferenza respecto ao sistema aplicado nos comicios de 2023.

Así funciona o sistema de votación en España: como se elixen o Congreso e o Senado

Os deputados escóllense mediante listas pechadas dentro de cada circunscripción electoral utilizando o sistema D'Hondt, mentres que na Cámara Alta combínase a elección directa coa designación das comunidades autónomas

O sistema electoral español establece un modelo mixto para elixir os seus representantes. A cidadanía vota de forma universal, libre, igual, directa e secreta, pero a forma de repartir os escanos e os criterios de elección son distintos no Congreso dos Deputados e no Senado.

O CONGRESO

O Congreso, composto por 350 deputados, é a cámara baixa e a que ten o maior peso na formación do Goberno. Os seus membros elíxense en 52 circunscricións electorais, que corresponden ás 50 provincias e ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Cada provincia ten garantidos dous escanos iniciais, mentres que as cidades autónomas elixen un cada unha. O resto de deputados repártese en función da poboación. Os partidos presentan listas pechadas, polo que o elector vota unha candidatura completa. Os escanos adxudícanse mediante o sistema D'Hondt, un método proporcional que busca repartir os postos segundo o número de votos obtidos por cada formación en cada circunscrición. Ademais, é necesario alcanzar polo menos o 3 % dos votos válidos para participar no reparto de escanos.

O SENADO

O Senado, pola súa banda, é a cámara de representación territorial e está formado por 266 senadores: 208 elixidos directamente pola cidadanía e 58 designados polos parlamentos das comunidades autónomas.
Os senadores de elección directa elíxense en 60 circunscricións. A diferenza do Congreso, aquí utilízanse listas abertas, polo que o elector pode escoller candidatos concretos, mesmo de partidos diferentes. O número de votos que se pode emitir varía segundo a circunscrición: ata tres nas provincias peninsulares, dous nas illas maiores e un nas restantes illas e en Ceuta e Melilla. Os candidatos máis votados son os que resultan elixidos.
Os 58 senadores designados elíxense nos parlamentos autonómicos. Cada comunidade ten un senador inicial e outro máis por cada millón de habitantes.

A REPRESENTACIÓN

En resumo, no Congreso os votos repártense entre os partidos e convértense en escanos mediante un sistema proporcional por provincias. No Senado, a cidadanía vota candidatos individuais e resultan elixidos os máis votados. Esta diferenza fai que o voto teña consecuencias distintas nas dúas cámaras e que o sistema electoral español combine a proporcionalidade coa representación territorial.

A IMPORTANCIA DA POBOACIÓN

O sistema D'Hondt e a barreira do 3 % poden ter un gran impacto no resultado final. Un partido pode obter unha porcentaxe importante de votos no conxunto do Estado e, con todo, conseguir menos escanos dos que se podería esperar se os seus apoios están moi repartidos.
No caso do Senado, o número de senadores non é fixo, senón que varía segundo a poboación de cada territorio. As eleccións ao Senado teñen un carácter máis territorial, mentres que o Congreso reflicte mellor a proporción de votos a nivel estatal.
O sistema electoral español, en definitiva, busca equilibrar a representación da cidadanía, o peso da poboación e a realidade territorial do país, aínda que non está exento de críticas e debates sobre a súa maior ou menor equidade.



CANDIDATOS CONGRESO LUGO 2026

PP

1. Francisco José Conde López.
2. María Cristina Abades Martínez.
3. Jaime de Olano Vela.
4. María Alicia López Rodríguez.

Suplentes:
1. Francisco Javier Vázquez Nodal.
2. María Elena Sierra Pulpeiro.
3. Ramón Carballo Páez.

FRENTE AMPLO

1. Reyes Rodríguez García.
2. Miguel Martínez Cabaleiro.
3. Rosa Estefanía Pérez Fernández.
4. José Carlos Vázquez González.

Suplentes:
1. Noa Estévez Casqueiro.
2. José Antonio Rodríguez Añón.

SE ACABÓ LA FIESTA

1. María Ferreiro Carreiras.
2. Eladio José Méndez Garrido.
3. Olga Roldán Fernández.
4. David Martín Santillana.

PSOE

1. Patricia Otero Rodríguez.
2. Jorge Bustos Atanasio.
3. Eva Blanco López.
4. Ismael Carcedo Gómez.

Suplentes:
1. María Loureiro García.
2. Carlos López López.
3. Silvia Rodríguez Díaz.
4. Martín Mejuto Sobrado.
5. María del Carmen Ozores Vigide.

PODEMOS

1. Ximena Cheda Tuya.
2. Francisco Farias Hernández.
3. María Dolores Julià Carrasco.
4. Orencio Orosa García.

Suplentes:
1. Noelia Herrera Bruzos.

FRENTE OBRERO

1. Víctor Contreras Céspedes.
2. Mª Remedios Ranchal Matellano.
3. Fernando Damata Fernández.
4. Ainhoa Sánchez Larrañaga.

VOX

1. Jesús Primitivo Rodríguez González.
2. Nair Trastoy Cupeiro.
3. Marco Aurelio Castro Trigueros.
4. Ana María Ignacio Merchán.

Suplentes:
1. José Manuel Fernández Vivero.
2. Aida Marcos Arias.

BNG

1. Olalla Rodil Fernández.
2. Iago Suárez Fernández.
3. Inmaculada Castro Besteiro.
4. Severino Salgueiro Rodríguez.

Suplentes:
1. Mª Montserrat Porteiro Sánchez.
2. Manuel Luaces Fernández.
3. Beatriz Álvarez Sixto.
4. Bernardo Valdês Paços.
5. Rosa Ana Prieto Florines.
6. Fco. Javier Fanego Bermúdez.
7. Elvira Lombao Vila.
8. Pedro Rodríguez Romero.
9. Raquel Ferreira Álvarez.
10. David Díaz López.

CANDIDATOS SENADO LUGO 2026

PP

1. José Manuel Barreiro Fernández.
Suplente 1: Karin Mago Marcano.
Suplente 2: José Manuel Blanco Vila.

2. Dolores Castro Ochoa.
Suplente 1: Pablo Figueiras Reguera.
Suplente 2: Encarnación Bernal Marín.

3. Juan Carlos Serrano López.
Suplente 1: Rosa Mª Arza Rodríguez.
Suplente 2: Daniel Orosa Pico.

SENADO DE PROGRESO

1. César Alejandro Mogo Zaro.
Suplente 1: Marina Ramudo Graña.
Suplente 2: Miguel A. Crende López.

2. Paula González Fernández.
Suplente 1: Plácido Lizancos Mora.
Suplente 2: Libertad Fraga Grueiro.

3. Roberto Castro González.
Suplente 1: Lucía Villamor Lagos.
Suplente 2: Sergio López Ramudo.

VOX

1. Manuel Menéndez Mato.
Suplente 1: Seidy Seijo Vergara.
Suplente 2: Adolfo Yáñez Río.

2. María Jesús Sánchez Suárez.
Suplente 1: Julio Pérez Loureiro.
Suplente 2: Tahis Cambeses Abeledo.

3. José Miguel González Lemos.
Suplente 1: Mª Cruz Pérez González.
Suplente 2: Giovanni Lodos López.

PODEMOS

1. Fernando Otero Bello.
Suplente 1: Esther Gómez Rivera.
Suplente 2: Carlos Martínez Martínez.

2. María Isabel Vázquez Pérez.
Suplente 1: Mario Argüeso Galván.
Suplente 2: Mª Ángeles Gayoso Fraga.

3. Arturo Pérez Gutiérrez.
Suplente 1: Andrea Farias Asegurado.
Suplente 2: Salvador García Cebral.

BNG

1. Brenda González Fernández.
Suplente 1: Manuel Diéguez Vázquez.
Suplente 2: Wanesa Gómez Lourido.

2. David Ángel Villares Sánchez.
Suplente 1: Mónica Roca Ares.
Suplente 2: Jorge Macía González.

3. Candela López Piñeiro.
Suplente 1: Martín Gómez Souto.
Suplente 2: Pilar Vázquez Sánchez.

COLABORACIÓNS

No pasamento de Xosé Manuel Beiras Torrado

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Na madrugada do pasado 8 de outubro deixounos un dos mais grandes patriarcas do galeguismo, despois de Castelao. Unha boa persoa, como dicía que lle gustaría quedar na historia, un grande amigo co que compartín moitas cousas e como tal o lembrarei mentres teña uso de razón, porque coñezo a súa bonhomía teno ben merecido.

A primeira noticia que tiven del foi mediados os anos 70 do século pasado, cando un compañeiro de traballo me deixou "O atraso económico de Galicia", un libro que me descubriu moitas mentiras que nos inculcaba o réxime franquista. Era, e aínda é, unha obra moi necesaria para entender o atraso da nosa nación, tan rica, pero tan empobrecida; que non é o mesmo.

Cando era novo pasou pola famosa "mesa camilla" de Ramón Piñeiro, que tivo o seu epicentro no seu piso, na rúa de San Pedro en Santiago de Compostela, pero logo, os vellos dirixentes do Partido Galeguista que quedaron na Galiza e seu pai, Manuel Beiras, quixeron marcar o seu ambiente cultural e político no que medrou, mandándoo para Francia, onde realizou, entre 1957 e 1960, estudos de Ciencias Económicas na Sorbona de París e posteriormente na "London School of Economics.

Pero foi nesa estancia en Francia, e naquel contexto universitario, cando entrou en contacto co marxismo e coas novas correntes de pensamento, o que supuxo unha evolución respecto ao galeguismo máis culturalista e conservador da posguerra, para integralo nun proxecto político de esquerda. De regreso a Galicia, o seu marxismo fixo que rompera vínculos familiares e coa mesa camilla de Piñeiro, porque as súas discrepancias eran moi grandes: Cando Piñeiro daba prioridade absoluta ao rearme cultural, sostendo que baixo unha ditadura a acción política partidista era estéril e perigosa, Beiras apostaba pola acción política e institucional inmediata, xa que o culturalismo puro e sen praxe política era unha forma de asimilación e submisión. Piñeiro quería un galeguismo transversal e interclasista, fuxindo dos extremos e rexeitando os dogmatismos de clase, Beiras, tras a súa viaxe a París asimilou o marxismo crítico e prefería un nacionalismo marxista e de clase, Piñeiro defendía a integración das forzas galegas en plataformas estatais, que debían influír e pactar cos partidos democráticos españois para garantir o autogoberno no futuro deseño do Estado, mentres el rexeitaba de plano subordinarse ás estratexias das forzas políticas de ámbito estatal (o que máis tarde chamaría "as forzas sucursalistas"), defendendo a autodeterminación, a auto organización e a soberanía política das organizacións galegas.

Estas discrepancias fixeron que en 1963 se escenificara claramente a ruptura coa fundación, por parte de Beiras e outros mozos, o Partido Socialista Galego (PSG), que era o primeiro partido marxista galego

Logo fixo, que no 1981, o PSG e o BNPG foran en coalición nas eleccións ao Parlamento Galego, conseguindo tres deputados e un ano mais tarde, o 25 e 26 de setembro de 1982, esas dúas organizacións fusionáronse para fundar no Frontón de Riazor o Bloque Nacionalista Galego, onde saíu elixido primeiro Voceiro Nacional desa nova organización.

Pouco despois tiven o gusto de coñecelo persoalmente, pero a partir do 1989, como responsable do BNG en Euskadi empezou a miña relación con el, pois nese ano tiven unha reunión en Santiago con el, Guillerme Vázquez e Carlos Aymerich, de cara as eleccións ao Parlamento Europeo e despois viña moitas veces a Euskadi. Paraba na miña casa e acompañábao aos diferentes lugares onde tiña reunións, visitas aos Centros Galegos, entrevistas con outros partidos, roldas de prensa, entrevistas nas radios ou nas televisións, que varias veces e a petición súa, compartía con el. Animábao moito que ese pobo vasco, encantador e solidario con outros pobos, que cando o vían pola rúa e o recoñecían, levantaban o puño e berraban un "Gora Galiza askatuta!".


A última vez que estivemos xuntos e tivemos unha larga conversa despois da comida, foi o 28 de agosto de 2015, na homenaxe que lle fixeron Xermolos e a Irmandade Manuel María no "Paseo dos Soños" vilalbés a Ramón Chao, onde lle fixen unha foto cando simulaba tocar o piano de pedra, obra do escultor Valdi, que acabáramos de inaugurar.

Para min foi un gran mestre, pero co seu pasamento non so perdemos un gran Patriarca do nacionalismo galego e un gran economista, pois os que tivemos a sorte de coñecelo e ver a súa humanidade, perdemos tamén un gran amigo e unha boa persoa á que non esqueceremos nunca e verémolo sempre na procesión "Alba de groria" de Castelao, esa "Santa Compaña de inmortais, que dende o cabo de Fisterra ata as ribeiras do Miño, e dende as ribeiras do Miño ata as serras de Ourense e Lugo, irá cubrindo a nosa terra cun manto de gloria, tecido con fíos de luz imperecedoira".

Que a terra da nosa patria lle de o descanso que merece.

A marcha dalguén Irrepetible

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

En pleno San Froilán, na mañá do oito de outubro, comezamos a xornada coa inesperada nova do pasamento de Xosé Manuel Beiras. Causou sorpresa, xa que, a pesares dos seus noventa anos e que o paso do tempo era evidente que estaba cobrando a pertinente factura, non se agardaba este desenlace. Na súa casa de Brión, rodeado dos seus, marchou. Escoitouse que tra-la perda, apenas dous anos antes, de Aurichu, quen fora a súa compañeira de vida nas últimas catro décadas, perdera a ilusión por vivir e, paseniño, deixouse ir.

Á súa despedida no Museo do Pobo Galego, achegáronse centos de persoas, rendéndolle sentida homenaxe a ese "comandante sen exército para unha revolución", en palabras de Martiño Noriega.

Nestas semanas, moito se ten escoitado e lido sobre o falecido, Beiras era alguén que non pasaba precisamente desapercibido. O seu porte e a súa vestimenta, así como ese cabelo branco espeluxado, eran características que o identificaban ó instante. E que dicir da súa capacidade dialéctica, dando fe en todo momento dunha enorme bagaxe cultural e académica. A iso, cómpre engadirlle a vehemencia e contundencia coa que debatía e argumentaba. As súas intervencións parlamentarias, para ben ou para non tan ben, deixaban sempre pegada. Extravagante e estrafalario son dous adxectivos moi acaídos á personalidade deste home único, aínda que el prefería o segundo.

Xosé Manuel Beiras naceu no fatídico ano 36, en abril, logo da vitoria electoral da Fronte Popular na Segunda República e antes do comezo da barbarie que supuxo a Guerra Civil. Nun entorno onde o compromiso galeguista estaba sempre presente, pasou a súa infancia e xuventude. Formouse en universidades estranxeiras, e regresou nos anos sesenta para exercitar a súa carreira docente na de Santiago. A súa condición de economista e os seus amplos coñecementos sobre o entorno que o rodeaba, levouno a escribir un libro que é un dos imprescindibles para coñecer o País, "O atraso económico de Galicia", publicado a principios dos setenta, que é unha obra que afonda nas causas estruturais e históricas do subdesenvolvemento no que se atopaba a Nosa Terra, que incluían a dependencia económica, a emigración constante, o minifundismo agrario e a feble industrialización. Por suposto, tamén tivo unha presenza destacable no eido cultural e como defensor en todo momento da lingua galega como patrimonio e identidade do País.

Pero sen dúbida, destacou como líder do nacionalismo galego, no que xogou un rol decisivo para sacalo da marxinalidade e presentalo como alternativa de poder. Os resultados electorais así o acreditaron, chegando a ser a segunda forza política. Como non lembrar O Beiras dos noventa, cando ateigaba de xente salóns de actos e polideportivos, sendo capaz de crear neses mitins un ambiente de efervescencia, entrega e ilusión como nunca tal se vira. Un home que apelaba ás nosas fortalezas como pobo, ó orgullo de pertenecer a unha nación chamada Galicia, á nosa Historia, etc.

Cos seus acertos e cos seu erros, foise alguén irrepetible. Que a Terra lle sexa leve.

TERRACHÁXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323 redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DEPUTACIÓN

Carmela López propón pactar coa Xunta un modelo de financiamento municipal

A Deputación de Lugo disporá no ano 2027 dun orzamento de 155.206.521 euros, unha cifra histórica que é posible grazas á xestión económica que a Deputación veu facendo nos últimos anos e á participación nos ingresos do Estado.

As contas de 2027 crecen un 14,77% respecto ás do exercicio vixente, segundo deu a coñecer a presidenta da Deputación, Carmela López, este luns no Parlamento de Galicia. Porén, a dirixente foi máis aló e aproveitou a comparecencia na Cámara galega para retar a Xunta a abrir o debate sobre o modelo de reparto dos fondos públicos aos concellos.

"Falemos das competencias e dos servizos que estamos asumindo. Quero un acordo que nos obrigue a todos. Tamén a min. Porque hai algo que como alcaldesa de Burela teño moi claro. Non quero depender de quen goberne noutra institución. E tampouco quero que ningún dos 67 concellos dependa de quen presida a Deputación ou a Xunta de Galicia en cada momento", afirmou López.

A presidenta da Deputación quixo incidir na idea de que "os recursos públicos non son favores que conceden os gobernos", senón que "pertencen á cidadanía". Por iso, propón ir a un



modelo no que, cando cambien os gobernos non cambien as regras para os concellos. Os criterios deben ser obxectivos, estables e públicos, defendeu na Cámara galega.

Os Orzamentos da Deputación para 2027, que o goberno prevé someter a debate e a aprobación no pleno este mes, contan con case 20 millóns de euros máis que no ano vixente.

O incremento orzamentario tamén permitirá destinar máis recursos aos eixes cos que o goberno provincial trata de mellorar os servizos aos veciños e de reequilibrar e facer máis competitivo o territorio: as estradas, a atención ás persoas, a prevención e a resposta ás emerxencias e o apoio a sectores económicos que son vitais para a provincia.

Nesta liña, o capítulo de investimentos reais crecerá un 58,92%, ata os 31.053.156 euros.

"A Deputación é o concello dos concellos e a súa principal razón de ser é apoiar os 67 municipios da provincia", destacou a presidenta da institución na súa comparecencia.

Por esa razón, o Plan Deputación 2027 sobe dos 22,24 aos 25 millóns de euros. É un 12,4% máis, fronte ao incremento de 250.000 euros que se viña facendo ata agora en virtude ao acordo de goberno PSOE-BNG.

A Deputación aposta por reforzar un modelo de reparto dos fondos que parte dun mínimo fixo de 150.000 euros e que basea a parte variable en criterios obxectivos (poboación, dispersión, envellecemento...). Outra das fortalezas do Plan Deputación é que permite que sexan os concellos os que decidan o destino da axuda. Coa proposta de 2027, recibirán máis fondos 63 dos 67 concellos, posto que os outros catro xa perciben a contía máxima.

Porén, a presidenta defendeu que o obxectivo da Deputación non só é achegar financiamento aos concellos, senón dotalos de capacidade técnica. "Queremos unha Deputación que non se limite a transferir fondos, senón que tamén ofreza coñecemento, ferramentas e capacidade de xestión", sinalou.

Os Orzamentos de 2027 recollerán de novo fondos para continuar mellorando o servizo de Recadación que a institución presta aos concellos a través dunha aplicación informática que está botando a andar. A este fin irá destinado un millón de euros.

A Deputación tamén continuará investindo en Mencía, a estratexia que lanzou hai uns meses para incorporar a intelixencia artificial de maneira segura e responsable á administración provincial e aos concellos.

Os Orzamentos de 2027 tamén serán innovadores porque recollerán unha partida para impulsar un servizo provincial de drons. O obxectivo é prestar asistencia técnica aos municipios nas actuacións relativas a materias nas que a normativa o permite, como a xestión do territorio, as infraestruturas e o medio ambiente.

Case cinco millóns máis para manter a rede provincial de estradas

As comunicacións volverán ter unha importancia capital nos Orzamentos da Deputación dado que, como se sabe, ten ao seu cargo a rede de estradas máis ampla do territorio español, de 4.217 quilómetros.

A partida de estradas ascenderá a 23,65 millóns de euros, 4,75 millóns máis que en 2026. É un incremento do 25,1% que supón unha aposta pola conservación e o mantemento.

A Deputación, dentro das competencias que ten, reservará fondos en 2027 para reforzar o sistema e avanzar cara a un modelo máis robusto e adaptado á realidade territorial.

A partida de emerxencias sumará 5,51 millóns de euros, un 11% máis que en 2026. A achega ao Consorcio Provincial de Bombeiros situarase en 4,56 millóns de euros, xa que se consignará diñeiro para seguir reforzando os medios materiais e humanos do Consorcio e para tratar de avanzar na integración dos GES..

O Plan Deputación ampliarase ata os 25 millóns de euros

O Plan Deputación para 2027 incrementarase en 2,75 millóns de euros, ao contar cunha dotación total de 25 millóns. A suba do 12,4 % respecto ao exercicio actual supón un aumento histórico fronte aos 250.000 euros anuais que se viñan engadindo ata agora. Ademais, os concellos poderán recibir anticipos de ata o 80 % dos fondos asignados, fronte ao 50 % actual, para dispoñer de máis recursos desde o inicio e executar as actuacións previstas.

O incremento beneficiará a 63 dos 67 municipios da provincia. Lugo, Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro manterán os 600.000 euros que xa reciben, ao alcanzar o límite máximo establecido no plan. Tamén se conservará o actual sistema de reparto, baseado na poboación (40 %), as entidades singulares (25 %), a superficie (20 %) e o índice de envellecemento (15 %), así como unha achega mínima de 150.000 euros por concello.



O Plan Deputación é a principal ferramenta de cooperación económica da institución provincial cos municipios e permite financiar tanto obras e infraestruturas como servizos municipais. Entre os ámbitos aos que se destinan estes fondos figuran a Axuda no Fogar, o emprego, a cultura, o deporte, a promoción turística, as feiras e mercados, a accesibilidade ou a protección civil. A presidenta, Carmela López, defendeu o aumento dos recursos para axudar os concellos a afrontar as necesidades da veciñanza, mentres que o vicepresidente, Efrén Castro, incidiu na importancia desta achega para soster a capacidade de investimento, especialmente nos municipios máis pequenos.

Comeza o proceso para integrar os cinco GES no Consorcio de Bombeiros

A presidenta da Deputación, Carmela López, xunto á deputada Pilar García Porto e persoal técnico da institución mantivo unha reunión con representantes dos GES (Grupos de Emerxencias Supramunicipais) para comunicarlles que, tal como se comprometeu publicamente hai uns meses, a Deputación está en condicións de iniciar o traballo coa Xunta de cara á integración destes grupos no Consorcio Provincial de Bombeiros, organismo do que forman parte ambas administracións.

A Deputación incluirá nos Orzamentos do próximo ano a partida económica que lle corresponde aportar á Deputación para esa integración. A outra metade debe ser consignada pola Administración autonómica, que hai uns meses solicitou a López unha proposta de reforma do Consorcio.

A Deputación conta xa con ese documento, que inclúe unha proposta de integración tanto de medios materiais como persoais, unha proposta de estrutura organizativa e unha folla de ruta, que pasaría pola creación dunha mesa técnica para a reforma administrativa e estatutaria do Consorcio.

Os Orzamentos de 2027 recollerán partidas que permitirán ampliar o cadro do persoal do GES de Cervo, tal como veñen demandando os traballadores deste servizo e o propio Concello. A Deputación garantirá a parte que lle corresponde aportar para pasar de 12 a 18 traballadores.

Igualmente, López cumpre co compromiso de empezar a traballar para dotar os concellos da Montaña dun parque de Bombeiros.

DEPORTES

Os Premios Deporte Galego 2025 chegaron a Pastoriza, Vilalba e Friol

Os Premios Deporte Galego 2025 recoñeceron unha vintena de persoas e entidades do ámbito deportivo de Galicia en 18 categorías, e que tiveron representación de Vilalba, Pastoriza e Friol. A Xunta impulsa estes galardóns concedidos a persoas deportistas, equipos, entidades e profesionais máis destacados do deporte galego durante o pasado ano 2025. Esta edición contou con 18 categorías que abranguen diferentes ámbitos da actividade deportiva, desde os resultados de alto nivel ata a promoción do deporte de base, a inclusión e o fomento da actividade física e dos hábitos de vida activa.

Entre os deportistas galardoados de alto nivel están a atleta Ana Peleteiro, como mellor deportista en categoría feminina, e ao padexeiro Jaime Duro na masculina.

Canto aos mellores deportistas con discapacidade na categoría feminina o galardón recaerá na triatleta Susana Rodríguez Gacio e na masculina no piragüista Nicolás Martínez. Ademais, o equipo genuine do Racing Club Villalbés recibiu a distinción como equipo de deportistas con discapacidade.

Tamén foron recoñecidos a baloncestista Inés Sotelo, o piloto de automobilismo Christian Costoya, o Club Balonmán Porriño e o Real Club Celta de Vigo.

Os premios ao mellor adestrador foron para Claudio Giráldez; ao mellor árbitro ou xuíz para Zeltia e para o comunicador Terio Carrera; ao mellor evento deportivo para a proba ciclista O Gran Camiño; a Pescamar na categoría de patrocinio deportivo; ao piragüista Martín Jácome e á Federación Galega de Balonmán na de xogo limpo e á Agrupación Deportiva Baixo Miño na de entidade na promoción do deporte base.

Tamén se conceden tres Premios Galicia Saudable, para o Concello de Pastoriza polas súas escolas deportivas municipais, outra privada para a asociación deportiva e cultural Bolboretas A Coruña Dragon Boat BCS, e unha terceira educativa para o Centro Público Integrado Dr López Suárez de Friol) polo seu labor de fomento e promoción da actividade física e dos hábitos de vida activa.

Os equipos femininos do Castro e Vilalba, nas semifinais da Copa

O fútbol sala lucense estará representado por dous equipos nas semifinais da Copa Galicia Sénior feminina, despois de que o Vilalba FS e o FSF Castro conseguisen a clasificación nas eliminatorias disputadas entre onte e este mércores. O Burela FS B, pola súa banda, non puido superar a súa eliminatoria e quedou fóra da competición.

O Grupo Forma-T Vilalba FS logrou o pase cunha vitoria contundente por 4-0 ante o Burela FS B no pavillón municipal de deportes de Vilalba. O equipo vilalbés resolveu o encontro con claridade e asegurou a súa presenza na seguinte rolda.

Tamén estará nas semifinais o FSF Castro, que conseguiu superar a súa correspondente eliminatoria contra o Marín (2-4) e acompañará o Vilalba FS na loita por un posto na final.



Deste xeito, dous conxuntos da provincia de Lugo continúan vivos nunha competición que afronta xa a súa fase decisiva.

As semifinais da Copa Galicia Sénior feminina de fútbol sala disputaranse o próximo 11 de novembro e nelas tamén participarán o Estrela Futsal, que gañou nos penaltis ao Cidade de Ourense, e o Poio, que se impuxo ao Bembrive por 0-3.

Na masculina os cuartos terán lugar no mes de decembro e nesta fase estarán outros tres equipos da provincia, o Lugo Sala, que se enfrontará ao Burela, e o Xove, que terá como adversario ao Leis Pontevedra.

Castro FSF e Concello de Begonte B caen na final da Copa Deputación

A VII Copa Deputación de Fútbol Sala para categorías sénior xa ten campións nas súas tres modalidades. O Meigallos FS fíxose co título de Primeira División masculina, o Luisitalia gañou a final de Segunda e o Ribeira FS conquistou a feminina.

Na Primeira División masculina, o Meigallos FS impúxose por 1-6 ao FSF Castro Deportes A Chaira. O equipo sarriao abriu unha importante vantaxe nos primeiros dez minutos, nos que colocou o 0-3 no marcador, e mantivo o control do encontro ata completar a goleada nos minutos finais. Adrián marcou o único tanto do conxunto chairego, mentres que Fabián, Brais, Alonso e Borja, este último con dous goles, foron os autores dos tantos do Meigallos.

Na final de Segunda División, o Luisitalia tamén levou a copa para Sarria tras vencer por 4-9 ao Concello de Begonte FS B. O equipo sarriao dominou claramente o encontro e chegou a situarse cun 0-7 favorable, despois de marcar tres goles na primeira parte e catro máis nada máis comezar a segunda. O conxunto de Begonte reaccionou con tres tantos consecutivos, pero a diferenza no marcador xa era demasiado ampla. A goleada foi obra de Francisco (2), Diego, Miguel (2), Álex, Damián e Diego (2). Entre os chairegos marcaron Antón (2), Antonio e Jesús.

Na categoría feminina, o Ribeira FS proclamouse campión ao superar por un axustado 1-2 ao FSF Castro B Energym B. O chairego adiantouse no primeiro minuto de xogo por medio de Marta, pero as lucenses igualaron pouco despois. Antía marcou o segundo tanto do Ribeira antes do descanso, resultado que se mantivo ata o final.



Rosana Fernández e Rubén Vicente Ríos gañan a Carreira de Cospeito

A V Carreira Popular de Cospeito celebrouse o pasado domingo 25 de outubro no núcleo de Feira do Monte, diante do Campo da Feira, cunha participación de máis de 200 persoas inscritas de todas as idades. A cita deportiva reuniu corredores e corredoras de diferentes xeracións e incluíu probas adaptadas a distintas categorías.

Na clasificación masculina, o primeiro posto foi para Rubén Vicente Ríos, co dorsal 18, que rematou a proba en 33 minutos e 59 segundos. Ander Castro Fernández, co dorsal 16, ocupou a segunda posición cun tempo de 34 minutos e 43 segundos, mentres que Miguel García Martín, co dorsal 109, foi terceiro ao cruzar a meta en 34 minutos e 51 segundos.

Na clasificación feminina, Rosana Fernández Martínez, co dorsal 117, foi a máis rápida, cun tempo de 40 minutos e 47 segundos. A segunda posición foi para Iria Campos Méndez, co dorsal 61, que cruzou a meta en 44 minutos e 45 segundos. María García Gómez, co dorsal 66, completou o podio cun rexistro de 45 minutos e un segundo.

A programación deportiva organizouse en varios grupos. A categoría absoluta, para persoas nacidas en 2010 e anos anteriores. Tamén contou coa quenda da categoría pitufos, destinada a nenos e nenas nacidos en 2019 e anos posteriores; as categorías sub-10, para participantes nacidos en 2017 e 2018, e sub-12, para os nacidos en 2015 e 2016, e finalmente, as categorías sub-14, para os anos 2013 e 2014, e sub-16, para os nacidos en 2011 e 2012.

A oitava edición Trail das Bestas de Muras celebrarase o día 8

Muras acollerá o vindeiro 8 de novembro a novena edición do Trail das Bestas, unha cita de referencia no calendario galego de carreiras por montaña e integrada no circuíto Galicia Trail Running Series.

A proba ofrece as catro tradicionais modalidades de participación: Maratón, de 43 quilómetros e 2.100 metros de desnivel, o Trail Classic, de 27 quilómetros con 1.400 de desnivel, Trail Curto, de 14 quilómetros e 700 de desnivel, e a Andaina, de 8 quilómetros de 350 de desnivel. A estas súmase este ano o Mini Trais, que terá o mesmo percorrido que a andaina.

Os percorridos comezan na área recreativa da Veiga e desenvólvense na contorna de Muras, aproveitando as paisaxes que ofrece a Serra do Xistral e a ribeira do Eume, un dos grandes alicientes da proba, xunto ao nivel de esixencia deportiva.

A programación dará comezo ás 8.30 coa saída da maratón. A partir das 10.00 e cada media hora sairán o resto de probas para pechar coa andaina, ás 11.10 horas.

Haberá premios para os tres primeiros homes e as tres primeiras mulleres que rematen a proba nas categorías xeral, sénior, máster 1 e máster 2, agás na andaina, que non é competitiva.

O Trail das Bestas de Muras foi distinguido como mellor trail de Galicia na Gala Anual de Trail Running da Federación Galega de Atletismo.

Alberto Meira dominou e levouse a vitoria no Rally San Froilán



Alberto Meira, ao volante dun Skoda Fabia Rally2, proclamouse vencedor da 48ª edición do Rally San Froilán tras ofrecer unha actuación moi sólida durante toda a xornada. O piloto de Gondomar marcou o ritmo da competición e conseguiu o mellor tempo en sete dos oito treitos disputados, consolidando unha vantaxe que os seus rivais non puideron reducir.

O segundo posto foi para o carnotán José Manuel Lamela, que competiu cun Citroën C3 Rally2, mentres que o lucense Francisco Dorado, cun Skoda Fabia RS Rally2, ocupou a terceira posición. Os tres pilotos xa remataran os primeiros treitos do venres nas mesmas posicións que finalmente ocuparon na clasificación.

A competición comezou con Meira á fronte da carreira, seguido de Lamela, a 2,3 segundos, e Dorado, a 5,1. Pola súa banda, Luis Vilariño foi perdendo terreo e situouse na cuarta posición, mentres Daniel Remuiñán e Adrián Díaz tamén quedaban por detrás dos tres primeiros clasificados.

O paso polos treitos de Outeiro de Rei, O Corgo, Baralla, Sarria e Samos non alterou a dinámica da proba. Meira mantivo o dominio e foi ampliando a diferenza co paso dos quilómetros, sen dar opción aos seus perseguidores. A regularidade dos tres primeiros permitiulles manterse afastados do resto dos participantes, aínda que a loita polo segundo posto estivo máis disputada entre Lamela e Dorado.

Lamela conseguiu defender a súa posición fronte aos intentos de Dorado, que tratou de recortar distancias nos treitos sexto, sétimo e noveno, nos que chegou a situarse por diante do seu rival. Porén, o resultado final confirmou a segunda praza do piloto de Carnota, mentres Dorado pechou o podio na terceira posición.

A clasificación final quedou encabezada por Alberto Meira, cun tempo de 1 hora, 2 minutos e 8,8 segundos. José Manuel Lamela rematou a 30,2 segundos do vencedor e Francisco Dorado fíxoo a 51,5 segundos. Luis Vilariño foi cuarto, a 2 minutos e 19 segundos, seguido de Daniel Remuiñán, Adrián Díaz, Marco Lorenzo, Adrián Torreiro, Anxel Vizoso e Marcos Díaz, que completaron as dez primeiras posicións.

As Pontes acollerá o seu primeiro Ecorally o 7

A proba, organizada polo Automóbil Club As Pontes, estará dirixida a vehículos 100 % eléctricos e híbridos e contará cun percorrido de 113 quilómetros por estradas do municipio. As inscricións permaneceron abertas ata o 2 de novembro.

O Automóbil Club As Pontes organizará este sábado, 7 de novembro, a primeira edición do Ecorally Vila de As Pontes, unha proba de regularidade destinada a vehículos 100 % eléctricos e híbridos que busca promover a condución eficiente e a mobilidade sostible, ao tempo que permite descubrir diferentes recunchos do municipio.

O percorrido total será de 113 quilómetros, dos cales 90 estarán repartidos en seis tramos cronometrados. A organización destaca que se trata dunha proba de carácter non deportivo, que se desenvolverá por estradas abertas ao tráfico e cunha velocidade media inferior aos 50 quilómetros por hora.

A competición contará con dúas categorías, eléctrica e híbrida. Haberá trofeos para os pilotos e copilotos dos tres primeiros clasificados de cada unha delas, así como para os vencedores dos trofeos de eficiencia en ambas as modalidades.

O prazo de inscrición remata hoxe, 2 de novembro. As persoas interesadas poden formalizar a súa participación a través do formulario habilitado pola organización, dispoñible nesta ligazón.

A web do Automóbil Club As Pontes, www.automovilclubaspontes.com, recolle máis información e a documentación da proba.

O Club Atletismo de Guitiriz recoñeceu aos seus deportistas nunha gala

O Club Atletismo de Guitiriz celebrou a súa II Gala do Club, un encontro no que se puxeron en valor os resultados e o traballo desenvolvido polos seus atletas ao longo da tempada.

A celebración tivo lugar no restaurante A Casilla e serviu tamén para entregar diferentes distincións e recoñecementos aos deportistas do club.

Entre as distincións de 2026 figuran Valentina, Marta, Lola, Diego, Naia, Arón, Paulo e Luis. Tamén recibirán un recoñecemento as integrantes do equipo infantil feminino de cros, formado por Lía, Sofía, Xiana, Aldara, Noa e Lauri, así como os equipos de relevos mixtos compostos por Thiago, Marta, Rober e Niko, e por Noa, Lauri, Arón e Rodrigo.

A gala incluíu ademais recoñecementos aos atletas destacados, entre os que se atopan Olalla, Rodri, Álex, Niko, Thiago e Lauri. Na categoría base, os premios aos mellores atletas foron para Noa e Rober, mentres que Suso López será distinguido como mellor atleta na categoría absoluta.

O Premio á Superación recau en Óliver, nun acto co que o Club Atletismo de Guitiriz pretende recoñecer tanto os logros deportivos como o esforzo e a evolución dos seus integrantes.

EN BREVE



VILLALBÉS. O Racing Club Villalbés presentou unha nova tempada do seu equipo Genuine, unha iniciativa posta en marcha en 2022 que utiliza o deporte como ferramenta para favorecer a inclusión e a participación en igualdade. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Deportes, Paula Vigo, acompañaron o club durante o acto de presentación.



CAZA. Os representantes da Sociedade de Caza Terra Chá tiveron unha destacada actuación no Campionato Provincial de Lugo de Caza Menor con Can celebrado no Tecor Terra Chá, no concello de Castro de Rei. Antonio González Álvarez, coa cadela Una de Pasarín, acadou a primeira posición na competición. O segundo posto foi para Juan Carlos Rodríguez González, con Fofito, mentres que David González Revaldería, con Isa de Volteiro, rematou na terceira posición.



Antonio Prieto e Jorge González gañan o Rally Rías Altas de Regularidade

O XXII Rally Rías Altas de Regularidade celebrouse este sábado, 24 de outubro, cun percorrido duns 300 quilómetros por 19 concellos das provincias da Coruña e Lugo. A competición, organizada polo Moto Club Coruña-Escudería Centollo coa colaboración do Concello de Guitiriz e do Iberik Gran Balneario de Guitiriz, contou coa participación de 43 equipos.

A proba permitiu participar na modalidade de mañá, na de tarde ou na xornada completa, ofrecendo diferentes opcións para os equipos inscritos.

Na clasificación da xornada completa, a vitoria foi para Antonio Prieto e Jorge González, ao volante dun Volkswagen Sirocco da escudaría Arenteiro Clásicos, con 143,5 puntos.

A segunda posición foi para Adrián Vidal e David Blanco, cun Renault 5 da escudaría Cambre, con 179 puntos. Diego López e Miky Caldas, co Seat 124 Sport de O Toxo / Salnes, remataron terceiros con 179,4 puntos.

Na clasificación da tarde, os vencedores foron Juan Recimil e Alejandro Barrio, co Toyota Celica 2.0 GT da escudaría O Toxo, que sumou 97,5 puntos.

José Antonio González e Pablo González acadaron a segunda posición cun BMW 323i de Arenteiro Clásicos, con 184,4 puntos, mentres que Hugo Vilas e Antonio Barreiros finalizaron terceiros cun Porsche 944 da Escudería Centollo, con 208,1 puntos. A modalidade de tarde tivo a saída na praza do Campo da Feira de Guitiriz e a chegada no Iberik Gran Balneario, onde se celebrou a entrega de premios e a cea de confraternización.

No acto participaron competidores e representantes das entidades organizadoras e colaboradoras, entre eles Daniel Val, director do Iberik Balneario de Guitiriz.

DE RUTA EN RUTA

Alfoz: fervenza do Escouridal

Esta ruta situada na serra do Xistral permite contemplar un sobranceiro espectáculo natural

Esta fermosa fervenza atópase entre O Pereiro, no concello de Alfoz, e O Cadramón, no concello do Valadouro, ambos en plena Serra do Xistral, onde os viandantes poderán deixar o coche aparcado ao carón da estrada, xusto preto de onde dá comezo a ruta.

Neste paseo poderanse coñecer distintas contornas desta serra: río, bosque, prados gandeiros e penedos graníticos que ocupan a parte alta da serra. Os puntos máis destacados son a fervenza e a Pena Abaladoira.

Para chegar ata a fervenza o camiño é curto e sinxelo, e está moi ben sinalizado. A baixada cara o salto de auga conta cunhas escaleiras e pasamáns de madeira así como con cordas para que sexa máis seguro o descenso. Para os máis aventureiros tamén dispón dunha pequena corda para facilitar chegar á parte superior, desde onde se pode apreciar todo o seu esplendor.

O río de Guilfonso, afluente do río Ouro, forma este salto de auga escorregando por unha parede de roca para salvar o desnivel do terreo, uns 80 metros de altura.

Está considerada a máis alta de Galicia, e divide os Concellos de Alfoz e O Valadouro, e ten máis de 80 metros de caída entre saltos de auga e tobogáns, cun fondo de roca granítica.

En época de outono ou inverno, e as veces no comezo da primavera, pódese desfrutar do seu gran caudal, debido ás grandes e continuas chuvias.

Unha vez vista volverase sobre os mesmos pasos ata a sinalización que conducirá ata o Cruceiro da Caxigueira, a través dun camiño amplo entre leiras e pastos nos que acompañarán os animais destinados a gando. Finalmente seguiranse as sinais ata chegar de novo a unha zona un pouco máis espesa en canto a vexetación, e haberá que seguir o camiño ata chegar de novo ao coche. Tamén poderase seguir a ruta cara o alto da serra por un camiño entre unhas casas que despois de pasar o pequeno cruceiro de Faián vólvese carreiro. Divisarase un fermosos panorama de prados intensamente verdes que culminan con suaves ondas. No medio da paisaxe salpícanse pequenas aldeas.

En definitiva, trátase dun percorrido curto moi ben sinalizado e apto para nenos. En época de choivas hai bastante barro no camiño, xa que é paso habitual dalgún que outro tractor. Non é unha ruta moi aconsellable para xente con mobilidade reducida.







DATOS

- 2 horas
- 6 quilómetros
- Dificultade media



